



# Orbita

IES Ribeira do Louro | Número XVII | Xuño de 2022



- ACTIVIDADES
- PROXECTOS
- REPORTAXE: A EMIGRACIÓN
- ESPECIAL
- CLUB DE CIENCIAS E BIBLIOTECA
- LETRAS GALEGAS 22:
- FLORENCIO DELGADO BURRIARÁN
- TEATRO, PREMIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO



## EDITORIAL



**R**ematamos este curso con outro xeito, pouco a pouco fomos rompendo barreiras e achegándonos a esa normalidade tan desexada. Hai un ano nestas mesmas páxinas celebramos recuperar a educación presencial sen deixar de lamentar a renuncia (obrigada) a moitas actividades, as máis queridas seguramente. Hoxe podemos completar a nosa ledicia, no exercicio que acabamos puidemos gozar das saídas didácticas, das excursións, dos proxectos europeos, ... do salón de actos. O noso alumnado xa puido xogar nos patios e ver o sorriso na cara dos/as compañeiros/as, pouco a pouco foron acurtándose as distancias, pouco a pouco ese valado que nos limitou quedará nun recuncho da memoria. Aínda estamos no camiño, pero chegaremos.

Coma sempre queremos dar as grazas a toda a nosa comunidade educativa. Grazas alumnado por estar disposto a escoitar e aprender, nas aulas e fóra delas, a colleita de premios e distincións nos diferentes concursos foi abonda, parabéns xuventude! Sentimos orgullo por vós. Teremos pronto os actos de graduación para 2º de Bacharelato e 4º da ESO, a uns e outros desexámoslle moita sorte na seguinte andadura estudantil. Grazas profesoras e profesores por este percorrido que non se limitou ás tarefas lectivas, os proxectos e actividades que se fan no centro danlle unha dimensión que dignifica a labor docente: club de lectura, club das ciencias, grupo de teatro, a biblioteca, a radio escolar (que comezou este curso con toda a ilusión), proxecto salvavidas, proxectos erasmus, ...sodes o noso sinal de identidade. Grazas tamén ao persoal non docente, sen elas e eles isto non podería moverse.

Tamén como cada ano hai compañeiras e compañeiros que poñen fin ao seu labor no noso instituto, docentes e persoal administrativo, que por diferentes motivos continuarán co seu traballo noutros centros e nalgún caso por chegaren á idade da merecida xubilación, a todas e todos moita sorte na nova etapa.

Non queremos esquecer o agradecemento a todas as persoas que colaboran e fan posible a edición desta revista, en especial ao equipo de dinamización lingüística.

Neste curso por fin puidemos vernos as caras, gozade do verán e cargade pilas porque no vindeiro seguiremos coas nosas cousas, esas que fan que amemos este traballo. Grazas de novo!

*A dirección*

### SUMARIO

Editorial	2
Tribuna libre	3
Actividades // Proxectos	5
Reportaxe A Emigración	38
Especial: Club de Ciencias · BiblioRibeira	41
Concursos e Premios	54
Contributos Literarios	56
Teatro	60
Recomendacións lectoras	62

**Autoría dos deseños da capa:** *Laura Romero Álvarez (1º premio concurso escolar da Xunta polo Día da Muller)*

*María José Iglesias (Mural das Letras galegas no Concello do Porriño e Biblioteca municipal)*

**Edita:** *Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega do IES Ribeira do Louro.*



## TRIBUNA LIBRE

# A nosa lingua propia no IES Ribeira do Louro

**N**a Nosa revista Órbita, medio de comunicación social a través do cal compilamos a actividade do curso lectivo, quero facer unha valoración xeral do proxecto lingüístico de centro elaborado no terceiro trimestre do curso pasado, e que foi elaborado entre o alumnado da ESO, bacharelato, FP básica e ciclos formativos; profesorado, e por primeira primeira vez: familias e persoal de administración e servizos. Este proxecto estará vixente no centro nos vindeiros cursos, polo que as conclusións do mesmo son de interese para toda a comunidade escolar en relación á situación da nosa lingua propia no IES Ribeira do Louro:

### CONCLUSIÓNS DO ESTUDO:

- 1ª. Podemos afirmar que a presenza do galego no instituto como lingua inicial, de uso habitual e vehicular é residual.
- 2ª. Confírmase a perda de falantes espontáneos, e a traspaso xeracional da lingua galega. Os avós continúan a ser galegofalantes na súa maioría, os pais chegan a compatibilizar as días lingua, mais os fillos, isto é, o noso alumnado é plenamente monolingüe en castelán, agás aquela rapazada de procedencia rural que mantén o galego como lingua habitual, mais fóra da escola, pois a presión social fai que non a utilice no centro de xeito habitual.
- 3ª. Canto ao profesorado, foi evidente a falta de participación, só do 40% do claustro, o que dalgún xeito acabou por ofrecer unha información parcial da situación en canto aos usos da lingua. A actitude e formación semella positiva, mais falta máis utili-

zación da lingua nas aulas e na actividade diaria e cotiá no centro.

- 4ª. O persoal de administración e servizos ten boa actitude cara a lingua propia e demostra formación adecuada.

### PROPOSTAS DE MELLORA:

- 1ª. Utilizar a lingua galega como vehicular para toda a actividade escolar, a académica das aulas está marcada polo anexo I (decreto do plurilingüismo de 2010).
- 2ª. Prestixiar a lingua como referencial por parte do profesorado, pois o seu uso e actitude marca a posíbel utilización dela por parte do alumnado.
- 3ª. Na medida do posíbel utilizar o galego como lingua de apoio na impartición da primeira lingua estranxeira (inglés) e segundas (francés e portugués).
- 4ª. Procurar sempre que a organización da biblioteca, a actividade do clube de lectura e todos aqueles actos e eventos de funcionamento e representación sexa tamén normalizadora, con discriminación positiva cara ao galego, tal como marca as lexislación lingüística de Galiza.

Depende de tod@s nós: falantes libres, non falantes respectuos@s, neofalantes arriscad@s, pois como ben nos pregoou o poeta nacional Manuel María: *Galiza somos nós / a xente e mais a fala / se buscas a Galiza / en ti tes que encontrala.*

*Matias Rodríguez da Torre (ENDLG)*

## Plan Dixital. Facendo a maleta

**N**este curso todas puidemos involucrarnos na elaboración do plan dixital do Ribeira do Louro. Lembrades as enquisas que fixemos? SELFIE, se chamaba a aplicación elaborada pola Comisión Europea que nos permite obter unha “foto” do noso escenario no eido dixital, definir un punto de partida para finalmente establecer un plan estratéxico enfocado a súa mellora.


Observamos que existe unha gran diversidade de opinións e posturas sobre este tema, situación que resulta saudable e enriquecedora, o que parece innegable é que vivimos nun mundo cada vez máis dixital e que toda a comunidade educativa debería estar preparada para afrontar os retos que se nos presentan.

Ademais de contar con equipos TIC e de Dinamización Dixital moi activos, este ano o Ribeira do Louro pertence a Rede Galega de Educación Dixital (DixitalGal), o que nos permite atender as necesidades do alumnado e profesorado. Tamén estamos tramitando a solicitude dun Polo creativo co que se pretende chegar tamén ás

familias e proxectar o noso centro alén dos nosos muros.

En definitiva que neste curso nos subimos a un tren no que dun xeito ou outro todas temos un billete reservado e que agardamos ter boas novas da nosa viaxe nos vindeiros cursos.

*Jacob Seijas Cal*



# Pavillón Tania Rodríguez Estévez



4

**E**stamos aquí para homenaxear a Tania Rodríguez Estévez, unha exalumna deste Centro que hoxe volve como unha triunfadora no eido do deporte. E é por iso que o Centro decidiu por unanimidade en claustro que o noso pavillón leve o seu nome, logo da proposta presentada pola Comisión de Igualdade o pasado curso.

Tania é hoxe unha recoñecida árbitro de balonmán e foi noticia por ser, xunto coa súa compañeira Lorena García, de Zaragoza, a primeira parella de mulleres que arbitrou un partido de balonmán da liga Asobal masculina, a máxima categoría deste deporte, en decembro de 2020.

Esta arbitrase fíxoa famosa, mais Tania xa levaba unha gran carreira en Porriño como xogadora onde participou na fase de ascenso e chegou a debutar na División de Honra. Daquela, na tempada 2008/09 Tania formaba parte dun equipo de gran nivel que acabou subcampión de España Xuvenil, con xogadoras como Arima López ou Lorena Pérez como compañeiras.

A carreira de Tania como xogadora era prometedora, mais alentada polo seu marido e o seu irmán, ambos os dous tamén árbitros da liga Asobal, decidiu probar sorte como árbitro e a cousa gustoulle. E foi unha lesión

de xeonllo a que fixo que se decidise definitivamente a deixar o xogo de campo para dirixilo.

Naquela arbitrase en decembro de 2020 entre o Barcelona e o Bada Huesca foron ela e a súa compañeira as verdadeiras protagonistas do partido e non os xogadores, porque deron un novo paso pola igualdade no deporte español, aínda que antes, ambas as dúas xa eran habituais na arbitrase na Liga Guerreras Iberdrola e na División de Honra Plata masculina.

Este partido non habería de ser o último que arbitrasen estas dúas colexiadas, mais foi o primeiro e marcou un momento importante para darlle visibilidade á muller nunha profesión maioritariamente masculina. Por iso, para o noso Centro, é unha honra poder dicir que Tania estudou nas nosas aulas e sentimos que ao pavillón o seu nome é o máis acaído co que o podíamos nomear.

Dámoslle as grazas a Tania por aceptar o noso convite e, tamén, por puxar pola igualdade que tanta falta aínda nos fai, para que algún día o feito de que dúas mulleres dirixan un partido masculino non sexa noticia mais que polos goles que marque cada equipo.

**Discurso lido no acto de homenaxe conmemorado o día 30 de maio.**





## ACTIVIDADES E PROXECTOS

### Comando Igualdade

Este curso, no centro, creouse o COMANDO IGUALDADE, un grupo de persoas voluntarias que se reúne nalgúns nos recreos da semana para desenvolver accións e reflexionar sobre o día a día a respecto da sociedade e da igualdade. Fai parte dunha acción de formación de diferentes profesores do propio centro. Neste espazo de confianza debatemos temas de actualidade e fixemos actividades relacionadas que despois amosamos a todo o instituto. Nesta ocasión, o noso proxecto baseábase nos estereotipos, así pois, nomeámolo “Cambiamos os estereotipos”. Na semana do 9 ao 14 de maio levamos a cabo diferentes actividades : a exposición de carteis de distintas temáticas polos corredores e unha exposición por tódalas aulas. Marcamos un día para vir todos os alumnos que quixesen vestidos do xénero oposto para así romper ese estereotipo. O Comando Igualdade durante este curso foi unha gran oportunidade para aprendermos cousas que



non sabiamos, expoñer as nosas ideas a prol dunha sociedade máis diversa e igualitaria.

*Lía Boulosa • Laura Romero • Eros Oya • Lara Pereiro*



## BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

### Concurso internacional Careforest



Era un día coma calquera outro en maio de 2021 cando a miña titora, Marta Freijedo, comezou a falar sobre Careforest. “É un proxecto europeo sobre o coidado dos bosques que busca sensibilizar os estudantes sobre o cambio climático. Convocan un concurso no que hai que presentar un video, de menos de tres minutos, que recalque a necesidade de protexer os nosos bosques”, dixo ela. Ao comezo non estaba moi segura, pois non dispoñía de moito tempo,

pero finalmente animeime a participar.

Durante un par de semanas, dediqueime a gravar tomas das paisaxes dos montes que nos rodean e logo a montar e editar o video final, que posteriormente publiquei en Youtube.

A sorpresa chegou cando, en xullo, recibín un correo que dicía que o meu video quedara en segundo posto a nivel nacional e en terceiro a nivel internacional (o vídeo gañador era tamén español, e o segundo, romanés).

Os da organización mandaron o premio e o diploma ao instituto uns días despois e fun recollelo da man da dirección do instituto, acompañada pola miña titora, a profesora de inglés (que me axudou cos subtítulos do vídeo) e a miña familia.

Neste curso, a noticia do premio saíu publicada no Faro de Vigo. Ademais, realizáronnos tamén unhas pequenas entrevistas en Onda Cero e no programa A Revista da TVG.

Todo foi unha moi boa experiencia, na que vin premiado todo o esforzo empregado.

*Rocío Fernández Álvarez 1º BAC A*

## O composteiro

**E**ste ano os que escollemos *Paisaxe e Sustentabilidade en 2º ESO*; comezamos cun proxecto, o *composteiro*. No inicio, antes de ter o composteiro, fomos analizando os problemas que nos poderíamos atopar ao longo do proceso de fabricación do compost e que se detectaban por unha serie de características; cabe aclarar que algúns destes problemas apareceron co paso do tempo

Comezamos a montaxe do composteiro coa axuda de Marcelo que nos explicou como facelo para logo seguir nós. Primeiramente buscamos un sitio onde poñelo, este atopábase baixo unha árbore, para que non lle chegase nin moita luz solar pero tampouco a sombra completamente. Para conseguir materia orgánica e outros restos, unha compañeira fixo un cartel no que se indicaba o que se debía botar nun colector habilitado para iso.

Para iniciar o proceso de formación do compost, despois de montar o composteiro depositamos unha capa de estruturante, este componse de follas secas, palla e paus secos, despois botamos a materia orgánica e pousos de café aportados pola cafetería do instituto e novamente outra capa de estruturante.

A partires deste día tódolos xoves íamos ao composteiro, e coa nosa recolecta de materia, previamente revisada para retirar os materiais que non se podían botar como os plásticos, xa que o alumnado botaba de todo, engadíamos capas.

## Charla - obradoiro “Descubriendo as rochas que pisas”

**O**xoves 27 de xaneiro visitounos, xa é unha tradición no noso centro, o xeólogo Fran Canosa. Doutor en Xeoloxía pola universidade de Oviedo, o seu principal campo de traballo é a ensinanza e a divulgación da xeoloxía, grazas a isto aumentaron as matriculacións en materias relacionadas con este ámbito grazas ás saídas ao campo e ao turismo xeolóxico.

Primeiramente impartiu unha charla na que nos comentou que a xeoloxía é unha ciencia difícil de comprender, pola antigüidade da Terra, pois orixinouse hai 4600 m.a.; e tamén pola súa situación no espazo e no tempo. Comezou con conceptos básicos da xeoloxía; e estableceu unha comparación interesante entre a Terra e un ovo, para así explicar a estrutura interna desta (a casca do ovo sería a codia, a clara o manto e a xema o núcleo).

Tamén dun xeito ameno situou os eventos máis relevantes da historia da Terra nun calendario: a especie humana aparecería no último día do ano e, o que é máis, nos últimos segundos, mentres tomamos as uvas. Esta comparación co tempo ao que estamos acostumados fai que te des conta do insignificante período que levamos nós, os humanos, na Terra.



Algúns problemas que tivemos foron:

Mal cheiro (amoníaco) provocado por demasiados materiais ricos en nitróxeno (pousos de café e algún vexetal). O solucionamos con compoñentes secos ricos en carbono como restos de poda.

Baixa temperatura, esta aparecía por falta de material e de humidade. Tivemos que engadir máis material húmido.

Presenza de moscas e mosquitos polo exceso de humidade, engadimos máis estruturante para solucionalo.

O compost que fixemos o longo do curso, gustaríanos empregalo na horta do instituto.

E agora, estamos coa construción dun hotel para insectos que temos previsto rematar en breve, e que colocaremos na zona a charca, horta e composteiro.

*Samara Senra 2º ESO A e María Cortegoso 2º ESO C*



Logo fixo un pequeno repaso pola xeoloxía de Galiza, comentando as diferentes zonas que esta posúe, e finalizando cos diversos traballos que un xeólogo pode realizar (estudos do terreo, do fondo mariño, mapas de risco sísmico, sondaxes).

Ao finalizar a charla saímos fora do instituto e alí rematou a súa explicación cun obradoiro con mostras singulares dos distintos tipos de rochas que podemos atopar en Galicia: magmáticas (granito, gabro, pegmatita,...), metamórficas (gneis “ollo de sapo”, lousa, cuarcita,...), sedimentarias (-calcárea, areíscas,...). Sen dúbida esta foi a mellor parte, xa que resultou máis interactiva e axudounos a entender os conceptos teóricos vistos nas clases.

*Clara Alonso Alcalde 2º BAC A*



## Visita á facultade de bioloxía



O pasado 4 de maio, o alumnado de 4º ESO de Bioloxía e Xeoloxía, e o alumnado de 1º BACH de Bioloxía e Xeoloxía, Cultura Científica e Anatomía Aplicada, visitamos a Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo. Chegamos pola mañá sobre as 10:30 horas aproximadamente, e déronnos a benvinda cunha pequena presentación a cargo de Mercedes Gallardo ( decana da facultade ), e unha charla explicativa de como funciona o grado en bioloxía, impartida por Emilio Gil (secretario), na que nos informou de como funciona o grado, as materias que se cursan en cada ano, as

saídas que ten, e os múltiples ámbitos aos que se pode acceder con este Grado, tamén nos explicaron os posibles estudos de posgrado.

Despois disto dividíronnos en 4 grupos, e cada grupo tiña preparado para o longo de toda a mañá, a visita a dous laboratorios. O alumnado de 4º ESO acudiu aos laboratorios de Zooloxía e Bioloxía celular onde observaron e realizaron diversas prácticas. E os alumnos de Bacharelato acudimos aos laboratorios de Fisioloxía Animal e Vexetal e ao laboratorio de Parasitoloxía, todo isto acompañados de varios profesores destas materias.

Así os alumnos e alumnas pasamos unha didáctica xornada da cal aprendemos e desfrutamos moito, acompañados e guiados por distintos profesores da facultade que se ofreceron voluntariamente a preparar esta visita e estas actividades para o alumnado.

*Érika Álvarez e Pedro Álvarez 1º BAC A*



## Visita a minergal

Minergal é un museo de minerais que hai preto do instituto, que o pasado mes de novembro a clase de 1º da ESO fomos visitar. Para mín non era a primeira visita, pois xa fora ao museo estando en primaria no colexio Antonio Palacios.

Neste museo podemos observar distintos tipos de minerais e rochas de todo o mundo, pero os que máis abundan son os galegos. Podemos coñecer as propiedades e usos dos minerais e das rochas, saber da minería en Galicia e sobre todo sobre o granito máis coñecido da nosa zona; o granito “Rosa Porriño”.

A guía que había no museo íanos dicindo distintas cualidades dos minerais e das rochas, por exemplo, o carbón, que a miúdo o utilizamos para quentar cousas na nosa vida diaria. Tamén observamos a cristalización e composición dalgún deles.

Destaco un que era moi amarelo e non brillaba moito. A guía dixo que era “ámbar”, é que non era un mineral senón unha resina fósil de árbores e arbustos, que ademais con este material podíamos obter información do lugar onde fora atopado.

Autor: Miguel Durán (1ºESO B)

Fomos ao museo Minergal, e unha gran xeóloga deunos unha charla sobre os minerais, sobre a súa importancia. Explicounos a súa dureza, sobre a súa resistencia e a súa composición.



Tamén nos dixo para que se utilizan. Isto serviunos para saber máis sobre os minerais que nos rodean e sobre os usos que terán no futuro. Grazas a esa charla podemos ter máis información sobre os minerais e as rochas que nos rodean.

*Autores: Yerai Davila e Ismael Alonso (1º ESO A)*



## Saída xeolóxica a Monteferro



**O**xoves 3 de febreiro os alumnos de 4ºESO A e 1ºBAC de Bioloxía e Xeoloxía e 2ºBAC de Xeoloxía, fixemos unha saída a Monteferro. Alí, Francisco Canosa, doctor en Xeoloxía pola Universidade de Oviedo, foi o noso guía e íanos explicando en cada parada, as estruturas xeolóxicas observadas e os procesos que as orixinaron.

A primeira parada foi na praia de Patos, unha praia fósil de 120000 anos de antigüidade, orixinada cando o mar estaba por enriba do nivel actual. Aquí fíxonos unha breve introducción lembrando aspectos da xeoloxía de Galicia. E, lembrounos que fixándonos nos elementos que atopamos na actualidade podemos descubrir que aconteceu no pasado, este é o principio do actualismo.

Outra parada foi na Punta da Meda onde observamos o contacto entre rochas metamórficas (xistos) e rochas magmáticas plutónicas (granitos). No xisto é predominante un mineral chamado andalucita, e aquí aparece a maior concentración de toda Galicia.

A continuación seguimos camiñando e subimos ata un alto, onde se podían observar as illas Cíes, as illas Estelas e cabo Silleiro.

Ao baixar atopamos outra zona de abrasión resultado dun proceso de erosión mariña sobre os xistos, pero

nas partes con andalucita prodúcese unha erosión diferencial, xa que este mineral destaca por ser o máis resistente desta rocha metamórfica.

Despois xantamos nunha praia, e pola tarde fixemos outra parada nos Seixos Negros. Alí atopamos rochas magmáticas subvolcánicas escuras chamadas diabasas, estas empréganse nas vías do tren porque absorben as vibracións.

Por último baixamos a outra praia e alí atopámonos cunha gran intrusión dunha rocha branca magmática subvolcánica con pequenos cristais (aplita) e con outra de cristais moito máis grandes (pegmatita). O resultado da combinación de ámbalas dúas coñécese como pegmoaplita.

En conclusión, podemos dicir que foi unha saída moi divertida e ao mesmo tempo didáctica, na cal aplicamos a teoría dada nas clases, sobre a nosa paisaxe galega. Dámoslle as grazas a Fran, por facernos pasar un bo día.

*Laura R., Irene e Ainara 4º ESO A*

## XVII Olimpíada de bioloxía fase autonómica

**E**ste curso 21-22 o noso centro participou por primeira vez na Olimpíada de Bioloxía que xa leva dezasete edicións, na súa fase autonómica galega. Só poden participar nela os estudantes da materia de Bioloxía de 2º de bacharelato e, aínda que o viamos complicado a profe Marta animounos.

Así, o 4 de febreiro tivo lugar a fase previa telemática que consistiu nunha proba teórica de tipo opción múltiple. Desta primeira parte só se clasificaron 30 estudantes de toda Galicia que competiron na seguinte fase presencial celebrada na Facultade de Ciencias da Coruña o 18 de febreiro e na que se realizaron exames teóricos e prácticos. E do noso grupo lograron pasar a esta fase Arancha Martín e Sergio Nogueira, quedando como terceiro e suplente Nicolás Mazoy.

Esperamos que o vindeiro curso vos animedes a participar.

*Gonzalo Gallego e Alía Rodríguez 2º BAC A*





## XIII Olimpíada nacional de xeoloxía

O pasado 16 de febreiro tivo lugar a fase autonómica da XIII Olimpíada de Xeoloxía na Universidade de Vigo. O ano pasado tanto eu como os meus compañeiros fixémola online e ter a oportunidade de ir de xeito presencial este ano foi incríbel. Dende a nosa experiencia, e sendo este o segundo ano que nos presentábase, resultounos bastante alucinante quedar primeira e segundo a nivel rexional.

Poderíamos dicir que foi todo mérito noso, mais cremos que temos que mencionar o especial apoio da nosa profesora Marta, intentando prepararnos sempre todo o mellor que puido.

Unha vez pasada a emoción do momento, fomos conscientes da viaxe que nos esperaba á fase nacional a finais de marzo: Almería.

Despois de moitas horas de viaxe en tren e bus, chegamos ao noso destino cun tempo que ninguén esperaba, estivo chovendo tanto ou máis que aquí, en Galiza. Tanto que había rúas cortadas polas ramblas ou torrentes.

Unha vez alí, a nosa estancia iniciouse na Alcazaba de Almería, onde ía ter lugar a benvinda dos participantes da man de todos os organizadores. Debido ao pouco tempo do que dispoñíamos, a recepción no hotel produciuse a 1:00 a.m., onde observado o próximo que estaban os exames o sono non se fixo de rogar.

O seguinte día (26 de marzo) iniciábase máis pronto do que desexaríamos, producíndose o traslado á universidade ás 9:00 da mañá. Unha vez máis, a benvinda por parte dos organizadores daría comezo aos nervios que nos acompañaron ó longo das tres probas: a primeira individual e, posteriormente,

a de equipos de 2 e 4 alumnos.

Unha vez finalizadas as probas, a nosa próxima parada tería lugar no extraordinario parque natural Cabo de Gata-Níjar. Durante dúas horas visitamos un dos máis icónicos lugares xeolóxicos de España, onde a abundante choiva non nos impediu disfrutar.

Para finalizar o día, trala longa espera para coñecer aos seleccionados, chegamos a ese momento e, para a nosa alegría, Arancha ocuparía o 6º lugar. Tras estes momentos de tensión o broche final chegaría coa “xeofesta”.

Finalmente, no seguinte día, unha parte dos participantes viaxamos ao deserto de Tabernas en forma de despedida xeolóxica, unha gran visita chea de nostalxia.

*Arancha Martín e Sergio Nogueira 2º BAC A*



9

## Fase autonómica XIII Olimpíada de xeoloxía

O pasado 16 de febreiro un grupo de oito alumnos de 1º e 2º de Bacharelato participamos na XIII Olimpíada de Xeoloxía na súa fase autonómica e provincial que tivo lugar na Escola de Minas e Enerxía do Campus de Vigo; e dividiuse en dúas partes: unha en equipo e outra individual.

A primeira parte baseouse nunha xincana en equipo. Esta comprendía diferentes probas prácticas como: localización de distintas áreas na ría de Vigo, identificación de minerais a partir das súas características, ou recoñecemento de fósiles. A segunda parte constaba dun exame teórico, onde se viron reflectidos os conceptos adquiridos.

Para a preparación da Olimpíada e matización dos contidos, foi necesario (ademais das clases de Xeoloxía) reunións un día á semana en horario non lectivo, impartidas ambas pola profesora Marta.

Mentres os membros do tribunal correxían os exames e prácticas, os participantes recibimos diferentes charlas impartidas por estudantes da UVigo como: identificación de minerais mediante un software específico, ou comprobación da dureza de distintos minerais.

Finalmente, tivo lugar a entrega de premios con sorprendentes resultados para o IES Ribeira do Louro. Os alumnos de 2º Bach (Arancha, Sergio, Laura e Iker) conseguimos o primeiro premio na xincana por equipos. En canto aos

resultados individuais, o primeiro e segundo premio foron para Arancha e Sergio (2º Bach).

Deste xeito, rematamos a xornada con dous clasificados para a Olimpíada Nacional!!

Parabéns a todos e todas e esperamos que unha nova xeración de mellores e superiores amantes da Xeoloxía se animen a participar!!!

*Laura A. González e Iker Otero 2º BAC A*



# Práctica de campo no río Louro

**O**s alumnos de 4º da ESO A de Bioloxía e Xeoloxía realizamos dúas saídas didácticas os días 18 de xaneiro e 10 maio ao río Louro, aquí no Porriño. A visita consistiu tanto o primeiro día coma o segundo de dúas partes, nas que realizamos unha pequena investigación comparando os resultados obtidos no inverno e na primavera.

A primeira parte (abiótica) na que visitamos o río directamente e analizamos todos os parámetros físico-químicos da auga coa axuda do material que levábamos xa dende o instituto e que tivemos que carrexar entre todos nós. Tiveron que meterse na auga dous alumnos diferentes en cada unha das prácticas, que con axuda duns vadeadores para non mollarse, mediron a velocidade da corrente da auga e ademais foron collendo mostras de auga para facer as probas para calcular o ph, a cantidade de osíxeno disolto, os nitratos, os fosfatos, a turbidez, etc. Tamén intentamos atopar pequenos animais invertebrados indicativos da calidade da auga que, aínda que na primeira visita foi moi difícil e practicamente non atopamos ningún, na segunda visita si que conseguimos diferenciar moitos dos animais que tiñamos anotados que podían estar no río.

Na outra parte (biótica) da saída, fixemos unha camiñata polos arredores do río onde puidemos observar as variadas flora e fauna do río Louro. Sobre todo na segunda saída foi onde diferenciamos máis animais xa que facía moitísima calor (tamén a auga estaba máis quente) comparado coa primeira vez que fomos e puidemos ver sobre todo: bolboretas de moitas cores diferentes, paxaros de moitos tipos, niños de abellas, patos, algún que outro peixe pequeniño dentro da auga, etc. Tamén decatámonos de que hai varias cousas que xeran impactos ambientais preto do río, como sería a vía




do tren ou o muro que construíron nunha parte do río. Xa dentro da auga, os compañeiros que se meteron, intentaron limpar un pouco o río collendo algúns plásticos que había dentro e que podían ser prexudiciais para o ecosistema.

Foi unha saída moi interesante na que nos decatamos que o noso río non está tan mal e que se seguimos coitando del mellorará moito máis. Ademais de aprender sobre bioloxía pasamos unha boa mañá todos xuntos e aprendemos moitos cousas de forma moito máis práctica que na clase.

*Claudia Alonso e Yaiza Peralejo 4º ESO A*

10





## Saída dos alumnos de 1º eso ao río louro



Estudo mediambiental do Río Louro realizado polos alumnos de 1º ESO. Para coirdar o noso río debemos coñecelo ben, niso estamos...



Na procura das herbas de San Xoan á beira do Louro, xa estamos listos para facer o cacho o día 24! (1º ESO)

## Relaxación e descanso no marco do proxecto “VIDA SAUDABLE”



O descanso é un dos hábitos saudables máis importantes, e tamén o máis infravalorado. Esta foi a temática da charla impartida ao alumnado de 2º ESO, no marco do proxecto “Vida saudable”



Achegar os beneficios da práctica do ioga ao alumnado de secundaria foi o obxectivo desta actividade, nunha xornada onde a calma e a relaxación foron as protagonistas.(1º e 2º ESO)

### ACTIVIDADE FINAL DO PROXECTO “VIDA SAUDABLE”



Como actividade final do proxecto “Vida Saudable” o alumnado de 2º ESO gozou dunha saída ao Mercantil de Vigo, onde recibiron unha clase moi divertida de iniciación ao tenis.



## A xornada saudable

Unha das actividades que tivemos a oportunidade de realizar este ano o alumnado de 2º da E.S.O. foi unha xornada saudable na que nos exercitamos, aprendemos sobre os alimentos que comemos e como facer un mellor uso deles e por último, preparamos un almuerzo saudable en base ao que aprendéramos antes.

Aínda que cada xornada estivo organizada de xeito distinto, todas estaban compostas por tres actividades:

-A primeira consistía en facer un pouco de actividade física: saímos a camiñar cós compañeiros da clase e as tres profesoras que nos acompañaban: a titora, a profesora Ana de Educación física, e a profesora Puri de Bioloxía. Fomos dende o instituto ata o río Louro; en total estivemos unha hora fora do centro e percorremos uns 5 quilómetros, algo máis do previsto e tiramos moitas fotos.



-A segunda actividade consistía nunha charla que nos deu Ana na que nos falaba sobre os alimentos que consumíamos e os azucres que estes tiñan: na charla tocamos temas como os tipos de alimentos que hai, as distintas proteínas que podemos atopar neles, que é o que o noso organismo de verdade necesita... Pero o tema no que máis afondamos foi o dos azucres: como se comporta o noso corpo ante a inxesta destes, cales son os distintos tipos que hai, a cantidade que teñen os produtos que consumimos (ante o que a maioría de nós quedamos impresionados)... Durou unha hora e media (máis o menos) e aínda que estábamos impacientes por marchar á seguinte actividade, tocounos esperar para poder facela ben.

Logo tivemos o recreo e uns 25 minutos máis de descanso para continuar coa actividade máis esperada.

-O "Master Chef", a terceira e última actividade: empezamos vestíndonos coma auténticos chefs: cun mandil, luvas e un gorro branco e alto personalizado por nós. Cando calmamos a nosa emoción pola actividade, Ana e Puri explicáronnos o que íamos preparar e de seguido xa nos puxemos a cociñar. Foi unha actividade moi entretida que se mesturaba con algúns retos físicos para facelo máis emocionante, aínda que tamén máis complicado. Tamén tiñamos moi en conta o tema da reciclaxe, xa que había contedores para cada tipo de lixo e faciamos uso deles cando necesitabamos; mais, aínda que é algo moi bo, era un reto engadido. Ao final as profesoras cataron os pratos que preparáramos e déronnos, como recompensa, uns diplomas con distintas categorías como premios.

Foi unha xornada moi interesante e orixinal que a maioría repetiríamos sen dubidalo xa que foi moi produtiva, aprendemos á vez que nos divertimos e e o tempo pasou voando.

Paula González 2º E.S.O. B





# YOUTHFORSEA: Moz@s por unha pesca sostenible

O pasado venres, 13 de maio, un grupo de rapazas e rapaces do instituto achegámonos ao porto de Vigo, unha visita que permitiunos descubrir un espazo que xa coñecíamos todos e todas dun xeito diferente.

Dentro do programa Pleamar da Fundación Biodiversidad, adicada a organizar accións de protección e conservación do noso patrimonio natural e biodiversidade, organízanse a acción YOUTHFORSEA: Xóvenes por unha pesca sostenible que no porto de Vigo organiza visitas para achegar conceptos básicos de pesca sostenible a rapaces e rapazas.

Durante a visita descubrimos conceptos propios da pesca como caladoiro, artes de pesca, aparellos, especies, capturas accidentais...

Tamén achegámonos ao coñecemento da Red Natura que este ano chega ao seu trinta aniversario. Trátase de unha rede ecolóxica europea de áreas de conservación da biodiversidade, dentro desta rede atópase a o espazo das Rías Baixas de Galicia, unha zona de especial protección para aves.

Na visita tamén coñecemos a labor que na nosa costa fai CEMMA, que cos seus voluntarios e voluntarias asiste dende 1990 a animais varados nos 1200 km de costa de Galicia cunha media anual de 158 animais entre os que se atopan cetáceos, focas, tartarugas, tiburóns peregrinos. Na súa labor destacan a recuperación de capturas accidentais como consecuencia das labores pesqueiras e do emprego de aparellos non axeitados. Ademais desta asistencia, tamén colaboran cos Centros de Recuperación de Fauna Salvaxe no rescate de aves mariñas. Outro dos proxectos que descubrimos foi o proxecto AR-VIInnovaPesca que traballa na conservación dos mares a través da investigación en distintos campos como:



- O lixo marino, é dicir os restos de víveres e residuos resultantes das faenas dos buques durante as campañas de pesca e o seu impacto no mar. Para reducir a basura no mar ARVI aposta por iniciativas que faciliten a redución e retención de basuras a bordo, recuperación de redes e aparellos perdidos ademais de fomentar a limpeza do mar de outras basuras alleas á actividade pesqueira.
- ARVI tamén traballa para conseguir o aproveitamento de descartes, é dicir capturas que en primeira instancia non teñen valor comercial e que se eliminarían. As investigación neste ámbito procuran a promoción de especies, a mellora na xestión dos descartes e o aumento da selectividade nas capturas.
- A redución do impacto ambiental da pesca é outro dos obxectivos de ARVI para o que fai propostas para reducir a captura de aves e mamíferos mariños de forma accidental así como a mellora da eficiencia enerxética dos buques que se adican á actividade pesqueira cun deseño máis eficiente das artes de pesca ou a incorporación de novos combustibles ás actividades pesqueiras.

Nas labores de mellora das artes pesqueiras atópase o buque Intermares, un buque escola construído na cidade de Vigo para o Ministerio de Pesca que permite formar ás novas xeracións de pescadores dende a filosofía de sustentabilidade marítima.

Pero sen dúbida o que se procuraba nesta visita era que nós, os rapaces e rapazas do presente, que seremos os homes e mulleres do futuro tomemos conciencia da importancia que teñen as accións individuais na conservación do medio, somos nós os que debemos protexer o planeta a través de pequenas accións que partan do individual para chegar ao global.

Unha gota de auga xunto a outra poche chagar a facer un océano. Unha acción de protección do medio xunto a outra pode mellorar o futuro do planeta.

*Autora: Iovana Toribio*



## O lindano

**O** lindano é un composto químico sintético altamente tóxico, que se usou principalmente como insecticida na agricultura, ou incluso como tratamento contra os piollos.

O principal produtor de lindano en España foi a fábrica de Inquinosa (Huesca), que comezou a súa fabricación nos anos 50. O problema comezou cando a empresa depositou un vertedoiro de Sardas dos residuos de lindano restantes.

Nos anos 70 a comunidade científica xa cualificou esta substancia como tóxica, pero a súa utilización continuou durante dúas décadas máis, ata que a OMS confirmou que era cancerixena.

Ademais, cabe destacar que o lindano non soamente foi sintetizado en España senón que tamén se produciu a nivel internacional.

¿Sabedes cal é unha das zonas máis contaminadas de España por este praguicida? É O Porriño, en concreto o camiño o Contrasto-Ribeira. Hai máis de 70 anos que Zeltia comezaba a producir lindano nesta zona, o que supuxo que se depositaran moitos toneladas de residuos. Anos despois nestas fincas construíronse dotacións educativas e recreativas que se converteron en áreas como "Parque do Lindano".

A día de hoxe, o lindano segue causando estragos, xa que non se sabe con exactitude a localización de ditos



residuos e ningunha administración se quere facer cargo do custo do tratamento para a súa retirada.

A exposición ante este pesticida pode ter dous efectos; se estamos expostos menos de 24 horas podemos padecer: queimaduras, asfixia, irritación nos ollos, etc. Se o tempo de exposición é maior, tamén se pode producir: asma, cancro, enfermidades respiratorias...

Este tema foi o punto principal da nosa investigación na materia de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente, permitíndonos adquirir novos coñecementos a través da pescuda sobre esta problemática ambiental e de saúde tan próxima a nós. Para levar a cabo este proxecto de investigación tamén contactamos con especialistas na materia. Así tivemos a sorte de organizar unha conferencia con Andrés De Deus, Enxeñeiro Medioambiental investigador da Universidade de Alcalá (Madrid), que nos mostrou os diversos métodos para a eliminación deste tipo de residuos, permitíndonos observar os elevados custos deste tratamento, así como a complexidade da súa utilización.

*Laura Alonso Blanco, Clara Alonso Alcalde, 2º BACH*


## Cova da Trapa

**N**o primeiro trimestre, a nosa profesora de CTMA propúxonos facer un traballo do que nos quixeramos pero que estivese enfocado no territorio do Porriño.

Nós, decidimos elaboralo sobre a Cova da Trapa, unha cavidade situada na parte baixa do Monte Aloia.

Durante a elaboración do traballo, e a busca de información, atopamos un grupo de espeleólogos da provincia de Pontevedra (CETRA), que levaban estudando esta covadura uns cantos anos. Tamén coa Federación Galega de Espeleoloxía, concretamente con Marcos Vaqueiro, un experto da espeleoloxía, responsable da Cova da Trapa. Tras varias conversas con el, organizamos unha conferencia no instituto, na que ademais de falardas covas en xeral, tamén se centrou na cova da Trapa en particular.

A cova da Trapa leva máis de **dous millóns de anos agochada**. Foi no ano 2007 cando un grupo de espeleólogos entrou por primeira vez nas profundidades da cova para descubrir, tempo despois, que estaban diante da segunda cova de granito máis grande en Europa. As cifras falan por si soas: **1.200 metros de galería e 94 de desnivel**, cun río que corre baixo terra e que no inverno dá lugar a **fervezas subterráneas de ata 12 metros de altura**. Segundo estiman os expertos, aínda queda máis dun ano de traballo e é moi probable que se descubran



novas galerías que amplíen a dimensión da cova. Aínda así, estas proporcións de granito só poden ser superadas en Europa pola cova de Boda Grotto (Suecia).

Entre os tesouros que esconde esta cova baixo terra destacan as estalagmitas e estalactitas, que comezaron a formarse **hai máis de 4.000 anos**. No interior desta cavidade tamén se identificaron un importante número de materiais arqueolóxicos, así como algunhas mostras de arte rupestre.

**A NASA** tamén se interesou por A Trapa. **O ADN fósil** que se encontrou na gruta pode dar pistas sobre a hipótese de que houbo vida en Marte, xa que as condicións extremas do subsolo se parecen ás deste planeta.

*Andrés Alves Martínez, Nicolás Mazo y García Sergio Nogueira Fernández, 2º BACH.*



# Consumo axeitado dos libros



O consumo excesivo de libros, pola gran produción de papel e os danos ocasionados pola industria, provoca un gran problema medioambiental.

O **papel** que empregamos na fabricación dos libros consiste nun tecido ou trama de fibras de celulosa presentes nas plantas, que poden provir de diferentes vexetais: algodón, madeira, caña de azucre, etc. Pero actualmente a maior parte da produción mundial provén da madeira de árbores.

Á súa vez, **un terzo do total da madeira procesada no mundo emprégase para a fabricación de pasta de papel** e, por outro lado, **para producir unha tonelada de pasta de papel son necesarias aproximadamente tres toneladas de madeira.**

Algunhas das factorías próximas relacionadas con esta industria é, por exemplo, Ence (Pontevedra), que conta cun centro de operacións que se encarga de levar a cabo todas as fases do proceso.

**As problemáticas de consumo de libros teñen causas**

**diversas:** dende os métodos de explotación da madeira, os residuos xerados, ata os riscos da propia explotación. a continuación explicamos dous dos problemas fundamentais:

**-A tala indiscriminada de árbores** o proceso mediante o cal vai diminuindo o número de

vexetación e árbores a un ritmo superior ao que los bosques se rexeneran, provocando a deforestación.

**-A perda de biodiversidade:** os distintos tipos de bosques do mundo acollen unha biodiversidade autóctona, polo que a desaparición de boa parte das árbores dun bosque pode provocar a extinción de especies.

A nivel individual nós tamén podemos levar a cabo accións para reducir o consumo de papel, por exemplo:

-Mercar libros de segunda man.

-Fomentar a utilización das bibliotecas.

-Creación de caixas para o intercambio de libros.

-Usar máis o encerado e o proxector que follas soltas para impartir as leccións.

-Usar máis o encerado e o proxector que follas soltas para impartir as leccións.

*Alia Rodríguez Beltrán 2ºbach*



# Mares despoboados

Actualmente os mares e océanos estanse a baleirar. A principal causa é a sobreexplotación, xa que non se deixa suficiente tempo para a rexeneración do ecosistema mariño. O 90% das reservas mariñas sofren este problema, o cal implica un efecto negativo sobre elas e, polo tanto, sobre a cadea alimentaria.

Algunhas das causas de perda desta biodiversidade son:

A captura accidental: calcúlase que cada ano se pescan decenas de millóns de quenllas.

As redes pantasma: equipos de pesca abandonados capaces de enredar aves, tartarugas ou quenllas. Estas redes forman o 50% da Gran Mancha de Lixo do Pacífico.

A pesca recreativa: actividade non comercial na que se pescan animais con fins de entretemento, deporte e turismo.

Este é un problema a nivel global, pero a nivel individual podedes actuar:

-Inxerir peixe cando non estea en período de cría.

-Limitar o uso do plástico e reutilizalo.

-Lavar a roupa en bolsas especiais para evitar que os microplásticos que liberan acaben no mar.

-Utilizar produtos de limpeza e cosméticos que non conteñan compoñentes nocivos para o mar ("reef friendly").

Podedes atopar máis información e recomendacións no noso blog, creado como un

proxecto de investigación e divulgación da materia de CTMA:

<https://beautyofctma.blogspot.com/>

*Laura Alonso González / Andrea González Carpintero / Arancha Martín González 2ºBACH*



## FÍSICA E QUÍMICA


# Saída a Galiciencia

O pasado día 12 de marzo fixemos unha excursión moi entretida. Despois dunha hora de bus chegamos a unha instalación bastante curiosa cunha carpa exterior. Esta última contaba con varios postos onde tódolos voluntarios nos explicaron moi ben os seus proxectos.

A continuación, entramos no edificio e déronnos unha charla sobre a economía circular, con xogos que axudaban a que fose máis divertida. Despois desta charla, acompañáronnos a unha sala onde nos explicaron a importancia de reciclar, reutilizar e reducir, a base de experimentos que simulaban a realidade.

Pásamolo moi ben aprendendo ciencia da forma máis divertida.

*Dp. Tecnoloxía, Matemáticas e Física e Química*



## Curso en liña da Universidade de Santiago “A Química, unha ciencia experimental”

Eu xa teño o meu diploma da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e ti?

A USC lanzou un curso en liña de química avanzada para axudar a mocidade de Galicia a introducirse no amplo mundo da química de laboratorio, dun xeito didáctico e de fácil acceso.

O curso constaba de 6 temas, cos seus respectivos vídeos e test, entre os que se atopaba, o meu favorito, os sistemas coloidais.

No tema de sistemas coloidais, explícanse conceptos moi interesantes como: os tipos de coloides, o efecto Tyndall, o movemento browniano...

Grazas ao curso didáctico e gratuíto, creado polo grupo CienciaNOSA da Universidade de Santiago, aprendín, dunha forma eficaz, moitos coñecementos que me axudaron na miña materia de Química en segundo de Bacharelato. Os coñecementos que me resultaron moi útiles foron, por exemplo, as reaccións de oxidación-redución ou procesos redox.

Por todo isto, recomendo realizar este curso, co que



se aprende química experimental empregando un xeito innovador de estudo sen moverte da túa casa, non te arrepentirás!. Déixovos a ligazón do curso:

MOOC Curso aberto

Química - Una ciencia experimental

<http://www.funil.gal/mooc-curso-aberto.html>

*Alia Rodríguez Beltrán Química  
2º Bacharelato Grupo A*

## A Cámara de néboa do Lab. de F. e Q.

Os raios cósmicos son partículas subatómicas de alta enerxía que bombardean constantemente a Terra desde o espazo exterior. Miles destas partículas atravesan o noso planeta e a nós mesmos cada segundo. Esta radiación natural é inofensiva e invisible

aos nosos ollos, pero as pegadas que deixan as partículas -as trazas- poden verse utilizando unha cámara de néboa, un dos primeiros e máis sinxelos detectores de partículas subatómicas que se poden construír desde que foi inventada a principios do século XX.




Atrévete a ver con nós os raios cósmicos?. O Laboratorio de Física e Química do IES Ribeira do Louro, dispón dunha cámara de néboa!!, grazas ao “Obradoiro de construción de cámaras de néboa para profesorado de secundaria e bacharelato”, celebrado no EduLab do IGFAE (Campus Vida, Universidade de Santiago de Compostela) o 9/10/2021 ao que asistiu profesorado do Departamento de Física e Química do instituto.

EduLab é o novo laboratorio do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE), un foro de intercambio e co-creación entre o persoal científico do IGFAE e o profesorado de secundaria para poñer en marcha proxectos colaborativos. Os conceptos que se traballan forman parte do que denominamos Física Moderna, bloque de contidos incluídos na materia de Física de 2º Bacharelato.

Foi unha actividade onde se ensinaron os fundamentos e o funcionamento básico destes detectores de partículas. Cada docente montou desde cero o seu propio dispositivo con materiais proporcionados polo IGFAE e que despois levamos aos nosos centros para utilizar como recurso educativo na aula e aprender en primeira persoa e en menor escala como funcionan detectores de partículas como os situados nos laboratorios do CERN.

A nosa idea inicial foi traballar co prototipo de cámara de néboa durante este curso 2021-22: no Club de Ciencias, en 3º da ESO, en 2º Bacharelato...pero un imprevisto técnico, unha peza de cobre que se soltou impediunos gozar deste experimento que nos achegaría un pouco a comprender o que ocorreu nos primeiros instantes da orixe do Universo...



O curso próximo tentaremos superar esta dificultade técnica e ter a cámara de néboa operativa para o noso alumnado e para toda a comunidade educativa do Instituto. É o noso desafío mostrar o curso próximo, nesta mesma revista Órbita, fotografías obtidas polas nosas alumnas e alumnos das trazas deixadas por partículas alfa, electróns, positróns e protóns.

Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE).  
Campus Vida, Universidade de Santiago de Compostela

*Departamento de Física e Química.  
IES Ribeira do Louro. O Porriño*

## Determinación carbonato de calcio en cunchas de mexillón

O alumnado da materia de Física e Química de 4º ESO grupo A determinou a riqueza en carbonato de calcio ( $\text{CaCO}_3$ ) dunha mostra de cunchas de mexillón recollida no mes de outubro 2021 na praia Area Grande de A Guarda.

Trátase dun traballo práctico de Laboratorio proposto polo grupo de traballo CienciaNOSA, integrado por profesorado da Universidade de Santiago de Compostela, así como por profesorado de secundaria de varios institutos galegos. CienciaNOSA procura dotar a lingua galega de novas ferramentas multimedia para o ámbito científico. Este curso 2021-22 impartiu o primeiro MOOC Curso aberto (en liña) de Química 100% en galego, con propostas de traballos prácticos de Laboratorio de Química en formato vídeo cunha excelente calidade científica e realización.

A alumna de Química 2º Bacharelato Alia Rodríguez Beltrán matriculouse neste Curso en liña e obtivo o seu certificado. Noutro artigo desta revista imos ler as súas impresións sobre este xeito diferente de aprender Química.

Imos comentar o traballo do alumnado de Física e Química de 4º ESO. As cunchas de bivalvos conteñen unha alta porcentaxe de  $\text{CaCO}_3$ , é por iso que interesa revalorizar este produto como fonte de calcio en pensos compostos para alimentación animal. O calcio é un elemento esencial que forma parte do esqueleto e dentes dos vertebrados.

Ao atacar unha mostra moída de cascas de mexillón con ácido clorhídrico en exceso o carbonato de calcio reacciona co ácido e prodúcese unha efervescencia debido ao desprendemento de dióxido de carbono.

Quentouse suavemente en placa calefactora para expulsar o dióxido de carbono. Cando finalizou a efervescencia, deixouse arrefriar e a continuación filtrouse para separar os restos sólidos.



Recolleuse nun matraz Erlenmeyer a disolución acuosa na que aínda temos unha parte do ácido clorhídrico, pero non teremos todo o ácido que engadimos inicialmente, debido a que unha parte reaccionou co carbonato de calcio presente nas cunchas de mexillón.


Procedeuse entón a facer unha valoración ácido-base por retroceso, e finalmente, mediante cálculos estequiométricos, determinouse a cantidade de carbonato de calcio presente nas cunchas de mexillón da mostra recollida na praia. Obtívose un valor do 79%.

Paralelamente, o alumnado de 1º Bacharelato determinou a porcentaxe en carbonato de calcio empregando outro método alternativo (baseado tamén no ataque da mostra cun ácido, no entanto esta vez medindo o dióxido de carbono obtenido). Obtívose un 75% de media nos grupos.

Moitas grazas ao alumnado polo seu traballo!

*Alumnado de Física e Química 4º ESO Grupo A  
Marcelino José Veiguela Fuentes*

# Desafío “Newton Car” do laboratorio de física e química



O proxecto « Newton Car challenge », impulsado pola NASA, é un desafío científico moi apropiado para 1º de Bacharelato. No IES Ribeira do Louro construímos varios prototipos, e os resultados foron moi bos, ademais de divertirmos todos aprendendo Física.

Un « Newton Car » consiste nun bloque de madeira rectangular equipado de tres parafusos que permiten manter estiradas unhas gomas elásticas coa axuda dun pequeno cordel.

O bloque de madeira colócase sobre unha serie de paliñas para bebidas de cartón. Un contrapeso colócase ao nivel da curvatura das gomas elásticas.

Cando cortamos ou queimamos o cordel que mantiña tensas as gomas, o contrapeso sae expulsado, poñendo en movemento ao bloque de madeira sobre as paliñas, de acordo o Principio de Acción-Reacción

Obxectivo : percorrer a distancia máis grande, é dicir, ter a velocidade de arranque do bloque máis elevada, o cal supón o control de varias variables.

Nos meses de febreiro e marzo, a aula de 1º BACH A e o Laboratorio de Física e Química do Instituto, convertéronse en pistas improvisadas onde o alumnado puxo a proba as súas competencias científicas e tecnolóxicas, a súa capacidade para decidir as mellores condicións experimentais e sobre todo a capacidade para superar dificultades que xurdiron durante este experimento de Física.

Ao final conseguíuse un dobre obxectivo: divertirse e amar un pouco máis a Física e ademais, pola outra banda, investigar as Leis da Dinámica de Newton e o Teorema de Conservación da Enerxía Mecánica e saber polas en práctica en moitos fenómenos da vida cotiá.

O curso próximo o alumnado por grupos deseñará máis prototipos de Newton Car, investigará as mellores condicións experimentais para que percorra a máxima distancia sobre a pista improvisada de paliñas e escribirá novas aventuras neste espazo de superación de desafíos e de comprensión do mundo que nos rodea que é o Laboratorio de Física e Química

*Alumnado de 1º Bacharelato A. Curso 2021\_22  
Marcelino José Veiguela Fuentes*

## Estudo da cantidade de vitamina C nos zumes de laranxa

No Laboratorio de Física e Química levouse a cabo un proxecto de investigación colaborativo entre alumnado do Club de Ciencias 2021-22, alumnado de Química 2º Bacharelato e alumnado de Física e Química de 1º Bacharelato: a determinación do ácido ascórbico ou vitamina C en zumes, aproveitando as campañas de repartición de froita que tiveron lugar este ano no Instituto.

A Vitamina C é unha vitamina hidrosoluble sensible á calor que é un nutriente esencial requirido para un certo número de reaccións metabólicas en todos os animais e plantas e que é creada internamente por case todos os organismos, sendo os humanos unha excepción.

A súa deficiencia causa escorbuto, de aí o nome de ascórbico que se lle dá ao ácido.

Como é sabido, a vitamina C é un potente antioxidante, moi utilizado como aditivo alimentario, e é que, ademais de estimular as defensas naturais, contribúe á formación e conservación de ósos e dentes, así como á cicatrización de feridas e tecidos.

Para determinar a cantidade de ácido ascórbico nos zumes, que se estudaron no laboratorio do IES Ribeira do Louro, empregouse unha valoración ou volumetría redox.

O nome de volumetría fai referencia á medida do volume das disolucións empregadas, que nos permitirá calcular a concentración buscada.

A reacción redox, (redución-oxidación) é un tipo de reacción química que ocorre diariamente en todos sitios: anacos de ferro, seres vivos...



Nelas, prodúcese un traspaso de electróns desde unha sustancia reductora até unha sustancia oxidante.

Unha aplicación na vida cotiá deste tipo de reaccións son as pilas e baterías que usamos a diario en esperadores, reloxos, móbiles,...

En primeiro lugar, as alumnas do Club de Ciencias Águeda Fernández Seijo de 3º ESO A, Andrea Lorenzo Urgal de 3º ESO B, Cintia Fariñas Rodríguez de 3º ESO A e Leire Ocaña 3º ESO C, coordinadas polo profesor, puxeron a punto un protocolo experimental.

Realizáronse varias probas, con diferentes concentracións dos reactivos, até atopar un método apropiado. Quedaban con todo detalles de procedemento importantes e que os resultados fosen reproducibles.

A continuación, alumnado de Química de 2º Bacharelato, con moita experiencia no traballo no Laboratorio de Física e Química, probou repetidas veces o protocolo deseñado polas súas compañeiras do Club de Ciencias, e obtivo resultados que concordaban co valor esperado.

Unha vez definido o protocolo experimental, a práctica incluíuse na programación do Laboratorio de Física e Química para 1º Bacharelato, e agora si, todos os grupos de 1º Bacharelato obtiveron resultados similares: o método é válido, así é como se traballa na ciencia!!

Os resultados foron moi satisfactorios: os miligramos de vitamina C contidos nos 20 mL de zume de laranxa analizado no laboratorio de Física e Química do IES Ribeira do Louro (Club de Ciencia, 31 marzo 2022) foron 12,06 miligramos.

O valor de referencia atopado na web é que nun vaso


de 250 mililitros contén 135 miligramos de vitamina C, é dicir, unha concentración de  $135 / 250 = 0,54$  mg/mL

Mentres que o valor determinado no Laboratorio de Física e Química é de  $12,06 / 20 = 0,603$  mg/mL (non está mal, un erro por exceso do 11%, podemos aínda mellorar!!)

Por tanto, pódese afirmar que un vaso de zume de laranxa (250 mL) achega o 100 % da vitamina C recomendada

O desafío que se proporá ao alumnado do Laboratorio de Física e Química do próximo curso será comprobar a seguinte hipótese: é certo que o zume de laranxa perde o seu contido en vitamina C aos 15 ou 20 minutos logo de preparalo?. Tamén se analizarán zumes de laranxas embotellados comerciais, estudarase o contido en vitamina C de limóns sen tratar, das hortas das alumnas e alumnos.

*Alumnado Club de Ciencias 2021-22  
Alumnado Química 2º Bacharelato grupo A  
Alumnado Física e Química 1º Bacharelato grupo A*



## TIC





# Deseño 3D do alumnado TIC de 1º Bacharelato

O alumnado de primeiro de bacharelato na materia de TIC (Tecnoloxía da Información e as comunicacións) elaborou de xeito individual uns deseños 3D empregando o programa de CAD Sketchup for Schools.

Gustaríanos poder engadir aquí fotografías de tódolos prototipos realizados. Desgrazadamente non podemos facelo por falta de espazo, así que realizamos unha selección dalgúns deles. Queríamos agradecer a dedicación da rapazada polo seu grao de implicación no traballo. Debemos salientar que para moitos deles era a primeira vez que traballaban con este software e os resultados obtidos son espectaculares como podeades ver.

Nesta pequena mostra temos a estantería de Antía fernández, a cámara de fotos de Rocío Fernández, o mando a distancia anticaiadas de Aarón Martínez, a casa para mascotas de Saray Alves ou a casa de Óscar Mauro.

(A casa de mascotas é a marrón)



## ELECTRÓNICA

# Visita a centros de telecomunicacións

Os pasado mes de febreiro o departamento de Electrónica organizou unha serie de visitas a emprazamentos de telecomunicacións para que o alumnado do centro coñecese de primeira man a infraestrutura e equipos que se atopan neles. A actividade realizouse co alumnado de 2º Curso de Formación Profesional Básica e co 2º Curso de Ciclo Medio de Instalacións de Telecomunicacións.

Concretamente, a actividade consistiu nunha visita guiada ata un emprazamento remoto da operadora móbil Vodafone España S.A. situado na parroquia de Mosende, preto do noso instituto. Nesta visita pretendeuse que o alumnado visitase as instalacións dunha estación base emisora de telefonía móbil e que puidese ver “in situ” a infraestrutura e os equipos de telecomunicacións típicos para a transmisión de sinais móbiles.

As estacións base proporcionan servizo á totalidade do territorio. Os terminais móbiles non poden alcanzar moita distancia, polo que:

As operadoras de telefonía móbil dividen o territorio en infinidade de pequenas partes ou células, duns poucos Km<sup>2</sup> de superficie cada unha.


Estas células representanse con forma hexagonal por ser esta a figura mais parecida ao círculo que non deixa “occos” entre unha e outra.

Podemos imaxinar o mapa do noso país baixo a figura dun inmenso panel de abellas.

No centro de cada célula atópase unha instalación que é o primeiro eslabón necesario para o funcionamento da rede: a estación base (ou BTS), que está composta por unha torre equipada con grandes antenas e un pequeno edificio que alberga os equipos necesarios: sistemas de alimentación eléctrica, repetidores, etc. Calquera que sexa a célula na que nos atopemos, o noso terminal móbil será perfectamente capaz de comunicarse coa estación base, que lle brindará comunicación directa con outros terminais móbiles que están dentro da mesma célula, ou encamiñará a nosa chamada cara a outras células da rede (veciñas o ao outro lado do país) ou a outras redes de telefonía móbil ou fixa.

Por outra banda, tamén se aproveitou a saída achegándonos ata o Monte Aloia onde se atopan os repetidores mais próximos de televisión dixital terrestre de Retevisión e de Retegal. Desta volta, a visita consistiu nunha inspección remota sen posibilidade de acceso aos emprazamentos, pero coa posibilidade de visionar de maneira próxima os sistemas de transmisión de radio televisión que dispoñen os emprazamentos destas operadoras.

Para levar a sinal de televisión ata os fogares, é necesario enviala desde o Centro de Emisión do canal nacional o rexional ata un satélite no espazo. O sinal é recibido por antenas receptoras en cada unha das estacións



terrestres e radiodifundese a través de transmisores. Logo, o sinal é captado polas antenas aéreas instaladas nas casas, edificios ou nos televisores.

*Destas visitas quedou para o recordo a fotografía de grupo cunha das antenas de televisión de fondo.*






## AS NOSAS LETRAS

# A Semana das Letras

Como todos os cursos conmemoramos as Letras Galegas como unha auténtica festa da nosa cultura, con multitude de actividades e propostas. Imos destacar de xeito sobranceiro o baile colectivo de Terra das Tanxugueiras levado a acabo por todo o insti na pista polideportiva exterior, o mural das letras no Concello e na Biblioteca pública ou os proxecto Facianas do Exilio.



## Crónica do día do mural das letras galegas

Coa celebración do Día das Letras Galegas, o departamento de plástica realizou un homenaxe dedicado a Florencio Delgado Gurriarán. Na pintura do mural participaron o alumnado e profesorado do centro.

Neste ano fixemos cinco, sendo unha delas a que pendura no exterior da Casa do Concello.


Co debuxo representado quixemos falar de varios temas, ademais do evidente. Dende o Camiño de Santiago, xa que este ano é Xacobeo, ata guerra que temos ao

carón de nós, o noso mensaxe é positivo e motivador para que todos poidamos seguilo.

O noso lema foi: Ven. Camiña ao carón da paz. Fixémolo na praza do concello con moitas visitas dos porriñeses e porriñesas e dende alí levámolas á nosa Biblioteca Municipal onde penduran as outras catro.

Foi un día intenso de traballo, pero estamos moi orgullosos do resultado final.

*Paula Bacelo. 4º ESO B*





# Facianas do Exilio

## DIÁSPORA DE ROSAS GALIZA INFINDA

Esta foi unha actividade desenvolvida no ámbito curricular da materia de Lingua Galega e Literatura de 4º da ESO, xunto co apoio de entusiastas colaboradores do ENDLG.

Co gallo da dedicataria das Letras Galegas 2022 a Florencio Delgado Gurriarán decidimos ampliar a nosa homenaxe a todo o Exilio Galego. Esa Galiza Infinda espallada polo mundo fóra por causa do golpe de estado e represión franquista que rematou dun xeito violento e cruel coa democracia representada pola IIª República. Especialmente a persecución anoxouse coa intelectualidade galeguista, a cal representamos en dez persoer@s aos que demos divulgación de dous xeitos:

- Con un álbum de autocolantes no que o alumnado debía casar os deseños das siluetas de diferentes autoras e autores galeg@s exiliad@s cun retrato d@s mism@s e un breve perfil bibliográfico, acompañado dun código QR con ligazón á Galipedia.



- Un grande mural baseado no traballo antedito que executou o alumnado de 4º ESO B no patio cuberto do centro durante a celebración da Semana das Letras.

## LINGUA

# Traballo de investigación sobre as parroquias



Neste ano, no primeiro trimestre, o alumnado de 1º da ESO D e B do IES Ribeira do Louro fixemos un traballo sobre as parroquias do Porriño. Cada un tiña que facer o traballo da súa parroquia.

Algúns de nós, simplemente, buscamos información na rede; outros falamos con familiares ou veciños sobre a información. Houbo algúns que tiveron problemas co traballo, xa que na súa parroquia parecía que non había as suficientes cousas para facelo; un exemplo, fun eu con Torneiros.

A moitos, ao principio, non nos gustaba ou éranos complicado, pero algúns esforzáronse e fixemos o máximo. Ao final, puidemos facer unha maqueta do Porriño con estes traballos.

Esta investigación serviunos para coñecer mellor a nosa zona e valorar o que temos.

*Nicolás Teixeira Álvarez, 1º ESO D*

Faro de Budiño



Fervenza de Chenlo



## A maqueta do Porriño

No terceiro trimestre tivemos que facer un traballo colectivo, en grupo: elaborar unha maqueta do noso concello, do Porriño.

No primeiro trimestre xa elaboramos un traballo de investigación sobre as parroquias; agora só tivemos que buscar información sobre algún espazo relevante para completar a nosa maqueta.

Cada parroquia foi diferenciada cunha cor e marcámoslas cun cartaz que incluía un QR coa información recollida.

Cando rematamos o traballo feito na clase, foi exposto na entrada do instituto.

*Diego Antonio Meléndez Escalona, 1º ESO B*



## A parroquia de Torneiros

San Salvador de Torneiros é unha parroquia do concello do Porriño. O 1 de xaneiro de 2021 o número de habitantes en Torneiros (San Salvador) era de 3.968.

O nome de Torneiros provén da profesión aferrada aos tornos, abundantes na zona ao longo do río Louro, o cal percorre a parroquia.

Torneiros goza de festas emblemáticas, como é a Xuntanza de Torneiros, de máis de 30 anos, organizada dende os seus comezos pola Asociación de Veciños de Torneiros e con grande interese no municipio e arredores.

Esta parroquia posúe dous colexios de educación primaria, o CEIP Antonio Palacios e o CEIP Ribeira. Para o ensino secundario, tanto obrigatorio como para adultos, en Torneiros está o IES Ribeira do Louro, segundo instituto creado no concello despois do IES Pino Manso. ACEESCA é unha asociación de utilidade pública á que acoden nenos e adultos con discapacidade intelectual.

Os lugares ou núcleos de poboación son: Casal de Vello | O Contrasto | A Florida | A Gándara | A Mota | O Noval | A Pereira | A Relva | A Ribeira | O Seixo.

*Alumnado de Xeografía 1º ESO C*



Aceesca

Capela de San Roque



Parque Alba

# Visita ao Mosteiro de Carboeiro e Fervenza do Toxa

Unha das teimas do Departamento de Lingua e Literatura é que a rapazada coñeza máis en profundidade o patrimonio cultural e natural da nosa contorna e do noso país. O lugar escollido nesta ocasión para o alumnado de 2º da ESO foi o concello de Silleda. Estivemos de mañá no Mosteiro de Carboeiro,

onde participamos nunha visita guiada/obradoiro de arquitectura e arte románica e monacal. Xantamos na praia fluvial da Carixa em Merza (Vila de Cucos) e na xornada de tarde achegámonos até a impresionante Fervenza do Toxa, onde gozamos da súa espectacular paisaxe e mesmos nos bañamos.



24

## Traballo das herbas


Neste proxecto do segundo trimestre, o estudiantado de 1º da ESO fixemos un traballo individual sobre herbas.

Para facer o traballo, necesitas ter catro ou máis herbas, un lapis ou rotulador, fixo ou pegamento e, o máis importante, a cartolina.

Os pasos foron os seguintes. En primeiro lugar, tiñas que investigar as herbas. En segundo lugar, tiñas que pegar catro herbas. E, por último, tiñas que poñer as características das herbas e logo decoralo.

O máis divertido é cando tes que ir buscar as herbas ou na túa casa ou no monte. E logo, cando buscabas a información sobre as herbas, descubrías cousas alucinantes que non sabías.

Cando tiñas o traballo feito, entregábaslo á mestra e ela corríxíao e dicíache a puntuación.



Os traballos puxéronos nos corredores colgados. E agora están na biblioteca.

Este traballo encantoume; foi entretido, divertido e interesante.

Saad, 1º ESO D

## Xuntanza literaria no Parque Alba

No mes de maio, polas Letras Galegas, fíxose unha xuntanza entre tódolos centros do Porriño para facer varias actividades.

Nós, as estudantes de Oratoria, fixemos un contacontos que xa tiñamos preparado para as nenas e nenos de infantil da zona.

Aínda que o tiñamos preparado, adaptámolo e practicámos porque esta vez o público era distinto: os usuarios ACESCA.

Antes de ir todos os grupos, déronnos unha camiseta branca do instituto. Xa que o parque Alba, onde era o encontro, estaba cerca, fomos andando. Cando che-



gamos, fomos xunto o grupo de ACESCA. Cada grupo de Oratoria estivo con un grupo diferente de ACESCA. Nós fixemos a nosa actividade e eles a súa. Foi unha actividade impactante por integradora da diversidade.

Cando rematamos, houbo un concerto dos Migallas e logo volvemos ao instituto.

Tamén nos acompañou alumnado de portugués de 1º e 2º ESO para leren poemas da literatura lusófona.

*Claudia Moreira, 1eiro da ESO B*



## Contacontos

**O** contacontos foi unha actividade que fixemos nos inicios do terceiro trimestre os membros de Oratoria de 1eiro da ESO. Iamos lerlles un conto ás nenas e nenos de infantil de catro centros: CEIP Ribeira, CEIP Antonio Palacios, CEIP de Budiño e El de Mosende.

Primeiro, fixemos grupos e cada grupo escolleu un libro sobre un conto popular diferente. Despois, adaptámolo para que tivese o máximo diálogo posible e buscamos en Internet unha manualidade para facer coas nenas despois de lerlles o conto.

Ao meu grupo, tocoulle lerlles o conto aos nenos de Mosende; o conto que escollemos foi O soño do galo e estivemos varias semanas ensaiando. Eliximos unha manualidade sobre unha oveira que lle dabamos a forma de galiña.

Cando chegamos alí, despois de lerlles o conto, axudámoslles a facer a manualidade. A min gustoume moito a actividade porque me encantan os nenos.

*Breixo Lorenzo Pena, 1eiro ESO B*

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

### A táboa periódica das escritoras

**E**ste ano todo o alumnado de 2º ESO realizamos un proxecto sobre a táboa periódica. Este traballo fixémoslo baixo a coordinación do Departamento de lingua castelá e o de física e química.

Durante o curso cada alumno tivo que investigar sobre un elemento químico e a súa unha escritora favorita, ambos vinculados porque os seus nomes comezaban ou contiñan as siglas do elemento.

O traballo dividiuse en dúas partes. En primeiro lugar, fixemos dous despregables, un que contiña información



sobre o elemento e outro que recollía os datos e obras máis importantes da escritora. Despois fixemos una presentación dixital con toda esa información recollida. Rematamos o proxecto facendo un código QR no que inserimos a presentación anterior e que pegamos ao despregable.

Este traballo serviunos para ter novos coñecementos sobre os elementos da táboa periódica, así como ampliar os nosos límites literarios, dando visibilidade a todas as mulleres silenciadas durante moitos séculos nas nosas letras.

Pero, sobre todo, aprendemos a esforzarnos para conseguir os mellores resultados posibles, pois as cousas non sempre saen a primeira e, polo tanto, non debemos conformarnos co primeiro resultado, senón seguir intentándoo ata melloralo.

Aquí tedes unha escolma de fotos que recolle o noso produto final.



## Poesía revelada

**E**ste curso para conmemorar o Día da Poesía, celebrado o pasado 21 de marzo, o alumnado do IES Ribeira do Louro participou de forma moi activa na actividade poesía revelada, máis coñecida como “blackout poetry”.



Esta técnica consiste en crear un texto, normalmente unha frase poética, a partir dunha páxina dun libro ou un periódico, ocultando en negro as partes que non empregamos. Desta forma, deconstruímos un texto

e creamos outro diferente conservando as verbas do anterior.

Ademais, algúns de nós, deixando libre a nosa creatividade, decidimos acompañar os nosos textos con ilustracións.

Aquí tedes unha pequena escolma da nosa faceta poética.

Desexamos que vos guste!




## Teatro Salesianos

O día 17 de febreiro os grupos de 3º ESO A, B e C saímos de viaxe ao Cine Teatro Salesianos de Vigo. Nesta visita, tivemos a oportunidade de ver dúas pezas das Novelas Ejemplares de Cervantes: “La española inglesa” e “Las dos doncellas”. Estas dúas novelas foron adaptadas pola Factoría Teatro de Madrid para o estudiantado de Secundaria e Bacharelato, mais sen perder esa esencia de finais do século XVI, principios do XVII.

“La española inglesa” conta a historia dun pai que busca a súa filla, secuestrada en Cádiz polos ingleses, e dous amantes que se namoran da beleza de Isabel, aquela nena que, tras o seu secuestro, converteuse en Isabella.

A historia de “Las dos doncellas” ocorre en diferentes cidades españolas, entre elas Sevilla e Barcelona. Esta novela curta relata a historia de dúas mulleres descoñecidas, Teodosia e Leocadia, que foron pedidas e cortexadas polo mesmo home, Marco Antonio. Un día, el desaparece e as mulleres deciden ir na súa busca; cada unha pola súa conta, pero ambas disfrazadas de homes, xa que no século XVI non podían viaxar soas polo feito de ser muller. Pronto aparece en escena Rafael, irmá de Teodosia, que decide axudala na procura do seu amante.

Rafael, Teodosia e Leocadia, atopan por fin a Marco Antonio. O desenlace remata con dúas parellas diferentes: Marco Antonio e Teodosia, e



Leocadia e Rafael.

A compañía teatral estaba formada por tan só tres actores, que conseguiron representas as dúas pezas con cambios rápidos de vestiario e de papeis, combinando os diálogos e monólogos con cantos e bailes, como auténticos xoglares. A imaxinación dos espectadores fixo o resto.

Ambas actuacións de Teresa Espejo, Paloma Vidal e Iván Ugalde captaron a nosa atención dende o principio, atrapándonos na trama a través dos equívocos, a graza e o dinamismo.

Ao finalizar a representación, asistimos a un pequeno coloquio no que os actores contestaron ás nosas preguntas, xa que a moitos nos interesaba o que se esconde detrás das obras.

Foi una experiencia moi enriquecedora!



# ¡Ya te digo!

Los nuevos tiempos requieren nuevas medidas. Sin lugar a dudas, lo digital ha venido para quedarse y ha puesto patas arriba nuestra concepción del mundo y nuestras interacciones sociales. Las redes sociales lo invaden todo: Instagram, Tik tok, Twitter, Facebook, YouTube . ¿Y por qué?

Son inmediatas y permiten acceder a la información en tiempo real. Son masivas y llegan a la mayor parte de la sociedad. Acortan distancias, al permitir comunicarse con amigos, familiares o cualquier otro usuario sin importar la distancia geográfica. Pero, sobre todo, funcionan como un canal de aprendizaje, entretenimiento y diversión. Y esta es la razón principal por la que hemos decidido trascender nuestras aulas, lanzando un pequeño proyecto digital: *Ya te digo*.

*Ya te digo* es un programa digital que se publica semanalmente, los lunes, en las redes sociales del IES Ribeira do Louro: en su Instagram (@iesribeiraloouro) y en el blog del Departamento de Lengua castellana, *Más que palabras* (<https://lenguaribeira.blogspot.com>). Es un programa de corrección lingüística en el que, cada semana, uno de nuestros alumnos explica y corrige los errores más frecuentes que cometemos al hablar o escribir. Así, ya hemos visto que no debemos emplear la expresión \*detrás mía, sino **detrás de mí**; que, aunque nos cueste mucho, no podemos **coger** en el \*colo, sino en el **regazo**; que el presente de subjuntivo termina siempre en E como **esté** o **dé** y no \*estea o \*dea; que por más énfasis que queramos transmitir **encima** no necesita el aún; o por muchas veces que preguntes \*lo qué, todas ellas lo estás haciendo mal, muy mal; con un simple **qué** o el coloquial **el qué**, es más que suficiente. También hemos visto, **grosso modo** y no \*a grosso modo, que aunque se admite el uso del galicismo a + infinitivo, como **los errores a explicar**, no se recomienda por superfluo y poco elegante.

Sin embargo, con esta iniciativa no **solo** (y no sólo que ya dejó de acentuarse en el año 2010, por eso es mejor que te ahorres tinta) hemos intentado corregir estos y otros errores, sino que, además, ha permitido al alumnado mejorar su comunicación oral y mostrar su faceta más dicharachera.

Por todo ello,

Larga vida, *Ya te digo*.

“Soy fan de ese programa; lo veo todos los lunes.” Noa (alumna de 2º ESO)



“Esta iniciativa me ha encantado. Cuando me propusieron participar en uno de los programas, ni me lo pensé dos veces y rápidamente me puse manos a la obra. Ojalá este tipo de actividades vengan para quedarse.” Antón (2º ESO)



“La verdad es que me ha encantado participar. Me parece muy buena idea para hacernos conocer los fallos que cometemos a la hora de hablar, y, aunque puede que los sigamos cometiendo al estar entre amigos, me ha servido para darme cuenta de pequeños fallos que cometía al expresarme. Además, la idea de hacerlo mediante vídeos es muy buena, pues transmites la información de manera fácil, rápida y entretenida. Asimismo, el hecho de publicarlo en Instagram, una herramienta diaria en nuestras vidas, hace más fácil que el vídeo llegue a la mayor cantidad de personas. En definitiva, el programa es genial.” Nahir (2º ESO)



“Me encantan esos programas que hacéis de lengua, lo veo todas las semanas y aprendo algunos errores como \*a grosso modo, que lo desconocía.” Isabel Saco (profesora de Historia)

“¿De verdad que no se puede decir \*aún encima? He visto el programa y he alucinado; lo digo muchísimo.” Raquel Santaolla (profesora de Tecnología)



## Conversas con Sonia Mirón



O pasado 14 de febreiro, o alumnado de 2º da ESO B e D tivo a oportunidade de coñecer máis sobre o libro ***Si tú quieres*** e conversar coa súa autora, **Sonia Mirón**. A charla durou unha hora na que estivemos moi entretidos falando do libro e descubrindo as súas outras historias, os segredos ocultos tras as súas verbas. Ademais, Mirón contounos anécdotas sobre a publicación e puidemos intercambiar opinións con ela.

Tamén, durante a Semana do Libro, o alumnado de 1º e 3º ESO tiveron a oportunidade de asistir a unha charla literaria sobre as súas novelas ***Un sol dentro de mí***, a súa segunda novela publicada en 2016, e ***Mi corazón en una caja de zapatos***, publicada en 2018.

As tres comparten trazos comúns: o amor e a necesidade del, as alegrías e tristuras, as vidas de personaxes rotas e a reconstrucións das mesmas, a comunicación e o silencio, a soidade e a compañía. As tres son unha mensaxe clara e directa de esperanza, tan necesaria nos tempos que corren.

Porén, nós quedamos con ganas de máis, de seguir afondando na novela e, como tiñamos que facer un

diario de lectura, a nosa profe de Lingua castelá, propúxonos a idea de facer unha entrevista como traballo. Así, tivemos o pracer de entrevistar a escritora nós soas!

Ademais, puidemos escoller o formato e decidimos facer unha maqueta na que engadimos un código Qr da entrevista, agora máis a fondo, con cuestións sobre o libro, pero tamén sobre as motivacións que a levan a escribir sobre e para adolescentes.

Pasamos un rato moi agradable na súa compañía xa que foi moi amable, receptiva e comprensiva coas preguntas e mantívonos entretidas en todo momento. Ao final Sonia Mirón regalounos uns marcadores e unha aperta a cada unha, e nos, por suposto, sentímonos encantadas!

Moitas grazas, Sonia pola túa xenerosidade!

Achegamos o código Qr deste pequeno encontro por si queredes votarlle unha ollada á entrevista.

*Alba Graña e Paula González (2º ESO B)*



## Para Patricia

Queríamos dedicar este apartado a unha profe moi especial para nós, que foi a nosa titora durante estes maravillosos dous anos e que desgrazadamente este ano vai marchar.

Patri, queríamos darcheas grazas por tantas cousas que non entrarían na folla, así que che dicimos 10:

1. Ser a mamá galiña destes “polluelos hormonados”.
2. Esas clases de titoría que só nosoutras coñecemos.
3. Alimentarnos e hidratarnos (con gominolas, chocolate e botellas de auga de nenos pequenos).
4. Ensinarnos que “lo que” y “en plan” non existen.
5. Estar dispoñible 24/7.
6. Facer unhas clases tan divertidas, nas que aprendemos tanto como rimos.
7. Responder as nosas preguntas sen sentido.
8. Recordarnos que non estamos de vacacións.
9. Facer dous amigos invisibles con nós.
10. Acollernos desde o primeiro día de secundaria, cando moitos estabamos tan perdidos e nerviosos.

Aínda que marches, queraíamos dedicarche estas liñas tan breves como cheas de cariño para que nos gardes no teu corazón como nós te gardaremos a ti, aos teus “oh sielos”, aos teus “es genial”, aos teus “OjO” e aos teus “NUNCA”.

*Das túas 5 “polluelas” de B*






ENGLISH

# Reading is great, any time anywhere

In order to celebrate Book Day, the English department encouraged the students from ESO and bachillerato to take *selfies* holding one of their favorite English books, showing the cover, in a place where they like to read (in the park, at school, in their bedrooms...). They also had to choose a representative quote from the book and add a speech bubble saying where they were

reading or who they were reading with/to. A lot of students loved the idea and handed in really original pictures which were pinned around the high school to foster reading habits among all the members of the educational community. Most English teachers also participated in the project and were happy to contribute. Take a look at these wonderful photos! How many of these books have you read yet?





## PORTUGUÊS

## A primeira turma de Português

**H**á 5 anos começou a disciplina do português como segunda língua estrangeira no nosso instituto, 5 anos em que realizamos atividades e planeámos passeios que nos relacionam com essa língua e com o país vizinho. Exatamente quando nós, a primeira turma de português desta escola secundária, estávamos no 3º ano do ESO, ideámos uma viagem a Guimarães para o dia 5 de maio, que é o dia mundial da língua portuguesa, por motivos óbvios como o Covid, esta viagem foi afetada e impedida. Finalmente, depois de anos e esforço, conseguimos que o passeio acontecesse. No dia 8 de junho, os alunos do 3º e 4º ano do ESO que estão a estudar português e os alunos precursores que continuamos no instituto no 1º de bacharelado fomos visitar na cidade de Guimarães, o paço dos Duques de Bragança, o Castelo de Oliveira e percorremos o centro histórico da cidade berço de Portugal e património da humanidade.

Com tudo isso, queremos dizer, como opinião pessoal que em todos os anos que estudamos aprendemos muitas coisas, e todo esse esforço valeu a pena para conseguirmos o que queríamos, também queremos falar do Matias, o nosso professor de português ao longo destes anos, que apesar de não ter sido o primeiro, foi quem mais tempo esteve connosco, e por isso queremos agradecer-lhe por tudo o que o português e as suas aulas e conversas nos ensinaram academicamente e como pessoas. Ficamos total e inteiramente orgulhosas de poder dizer que somos da primeira turma de português do IES Ribeira do Louro.

*Érika Álvarez Oliveira 1ºBach-A*  
*Rocio Fernández Álvarez 1ºBach-A*



## 25 De abril: liberdade e paz!



**M**ais um ano comemoramos o 25 de Abril, aniversário da data da Revolução dos Cravos em Portugal. A novidade foi a estreia do alunado de português na RádioRibeira. Dois apresentadores (A Amanda e o Brais de 1º ESO C) conduziram um programa com um resumo do acontecido em 1974, houve ainda leituras de poemas pela parte de alun@s das turmas de português de 1º e 2º, música com os dois sinais da Revolução: E Depois do Adeus e Grândola Vila Morena, e distribuição de cravos desenhados pela malta: vermelhos pelo Dia da Liberdade e amarelos e azuis como símbolo de prendas de paz para a Ucrânia.





## MÚSICA

# Saídas musicais e concertos

O 26 de Abril desprazámonos até Celanova, onde visitamos co alumnado de 3º ESO o Mosteiro de San Rosendo (con concerto didáctico de órgano incluído), a casa dos poetas (lugar de nacemento de Curros Enríquez) e a vila medieval de Vilanova dos

infantes (coa súa torre impertérrita ao paso do tempo).

Seguindo co capítulo musical, asistimos aos concertos da Real Filharmonía de Galicia e da Orquestra Sinfónica que tiveron lugar o 20 e 26 de maio no teatro Afundación en Vigo. Escoitamos obras de Berlioz, Falla e Ravel.



## NORMALIZACIÓN

# Ghalea! Concurso de novos aturuxos



## GHALEA!

### Concurso escolar de novos aturuxos



**Aturuxo.**- Berro agudo, forte e prolongado que se emite en sinal de alegría, nas festas e foliadas ou mentres se realizan algúns labores agrícolas.

Grito gutural expansivo, agudo, forte e prolongado, que os mozos lanzan cando regresan das romarías, cando andan de ruada ou troula, cando acompañan algunhas mozas, ou cando queren facerse coñecer a distancia das súas namoradas ou dos seus rivais en amorios, ou cando ao iren de noite polo monte para a súa aldea pretenden espantar o medo, ou ao final dunha cantiga. Hoxe o aturuxo está a ficar reducido ao ámbito dos grupos folclóricos. Foneticamente é algo semellante a [huhuhu].

SINONIMOS **agrúo aturulo grixido ufido**

### BASES DO CONCURSO:

- 1.- Dirixido a **toda comunidade escolar do IES Ribeira do Louro** (alumnado, profesorado, persoal)
- 2.- Facer unha **gravación de vídeo ou audio (con foto)** cos seguintes datos:
  - **Nome e curso** d@ aturuxador ou aturuxadora
  - **Expresión, lenda, nome, frese feita...** co que se denomina o aturuxo
- 3.- Enviar antes do 15 de febreiro ao correo-e do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do centro: [cnld@iesribeirallouro.com.es](mailto:cnld@iesribeirallouro.com.es)
- 4.- Haberá un xurado que fallará @s premiad@s o 21 de febreiro **Día da lingua propia**.
- 5.- Premios:
  - 1º Un xamón do país
  - 2º Un disco das Tanxugueiras
  - 3º Unha ristra de chourizos galegos

# Sen preguiza...en Galego!

É unha actividade que consiste na elaboración de campañas de normalización e dinamización lingüística. Todos os anos se promove desde o ENDLG co fin de fomentar o uso da lingua galega no instituto. En todas as edicións hai alumnado novo que participa, encanto outr@s recuncan.

Este curso foi a vez das alumnas 3º ESO B (Lía Boullosa, Carla Díaz, Andrea Lorenzo e Laura Romero, que realizaron cinco deseños para a campaña) e o grupo de 4º ESO B (Paula Bacelo e Alejandro Gómez. Javi Pérez Rocha e Chechu Iglesias Salgueiro, entre outr@s.)

Estes son os resultados finais dos traballos seleccionados:



## Viño Albariño

SABOREA GALIZA!

Saborea a túa terra, viño 100% galego



Javier Pérez Rocha  
Jose Fernando Iglesias Salgueiro  
4ºB

## ACOMPAÑA O TEU ATURUXO CO ESTILO DE BRUXO

porque non hai nada mellor que defender as nosas raíces a ritmo de muiñeira



BRUXO INSTRUMENTOS

## NORMALICEMOS A NOSA LINGUA

Defende as nosas raíces utilizando instrumentos con man de obra galega.

### FEITO EN GALICIA



Miguel Rivas



BRUXO INSTRUMENTOS

## NORMALICEMOS A NOSA LINGUA

Defende as túas raíces participando en asociacións tradicionais.



A.C Barca de Loimil



Escola de Danza Vila de Baiona

BRUXO INSTRUMENTOS


## UTILICEMOS A NOSA LINGUA

Mesturemos o actual co tradicional.



Baiuca

Tanxugueiras



Xisco Feijó


BRUXO INSTRUMENTOS

## XENTIÑA DE BEN

Velaquí uns poucos de moitos que agora comezan facer cousas únicas.



alucadefeiyo Primeira data deste 2022 confirm adal "PEIXE" para a Sala Capital de Compostela o 20 de Febreiro a partir das 20:15h 🤗



vertotemazon Rapazada, fainos moita ilusión anunciar o noso primeiro bolo... E vai ser no \*PUTO\* Atardecer no Galá!!! Vémonos as caras Compostelá!!!



balucamusica Estas son as próximas datas da xira de Embruxos actualizadas 🤗

BRUXO INSTRUMENTOS

BRUXO INSTRUMENTOS

Nunca é tarde para falar galego





# Pleno infantil do Concello do Porriño

## PROPOSTAS AMBIENTAIS DO ALUMNADO DE 1º ESO 19 de novembro de 2021

Aproveitando que nos convidaron ao pleno municipal para propoñermos e debatermos cuestións sobre a mellora do medio ambiente no concello do Porriño, o equipo do pleno infantil do IES Ribeira do Louro, formado por dez alumnas e alumnos e representado aquí, no salón de plenos da Casa do Concello por tres voceiras, queremos compartir convosco unha selección das nosas preocupacións ambientais, as cales convertemos en propostas reais e factibles co fin de avanzarmos nun Porriño máis limpo e sustentable.

Posuimos un concello, parte dunha terra, a nosa terra, que temos a obriga de coidar, non temos outra igual. Deste xeito desexamos que atendades as seguintes suxestións que decidimos agrupar en tres grandes bloques:

### 1º bloque: A ENERXÍA

Debemos aforrar, consumir o xusto, non dependermos tanto dela.

Agora que o prezo da luz esta subindo moito debemos lembrar que hai xente que non pode permitirse ese gasto, polo que podería estar ben que se desen axudas para placas solares a locais de ocio, comercio... moi castigados pola actual crise e grandes consumidores de enerxía eléctrica.

Para colaborarmos co medio ambiente contaminando menos poderíamos cambiar algúns interruptores de luz de zonas públicas por sensores con temporizadores para non consumir electricidade tanto tempo como actualmente. Outra boa iniciativa sería trocarmos nos lugares públicos as luces e farois vellos por outras Led, que polúen menos e ademais aforran cartos.

### 2º bloque: XESTIÓN DOS RESIDUOS E RECICLAXE

As nosas propostas neste sentido pretenden conseguir máis limpeza e reciclar máis eficientemente o maior número de produtos posible.

As papeleiras das rúas poden cambiarse por outras con 3 compartimentos (residuos orgánicos, plástico e cartón), así cando a xente tire algo xa o pode reciclar na propia papeleira en vez de facelo só nos colectores do lixo grandes.

Consideramos necesario distribuír máis contedores de aceite, pilas, residuos hixiénicos e sanitarios, pois son tres cousas que non se poden tirar en calquera

lado, teñen o seu contedor propio por ser moi difíciles de reciclar, polo que a proposta é que se poñan varios en todos os barrios e parroquias, ben achegadiños á xente para que non teña desculpa ningunha á hora de utilizalos.

Cremos que en canto dure esta pandemia se deben ins-



talar papeleiras e colectores específicos para máscaras, luvas e outros materiais de protección relacionados coa Covid.

É conveniente aumentar o número de colectores en xeral de todo tipo, sobre todo nos lugares do rural.

### 3º bloque: ZONAS VERDES

Queríamos pedirvos que fixédeses zonas verdes na vila, parecennos moi importantes e botámolas en falta.

Tamén pedimos que se habiliten zonas de espaxamento para os cans faceren as súas necesidades e parques para as nosas mascotas, xa que fan moita falla na nosa vila.

Para ilustrarvos esta idea ofrecémosvos o seguinte exemplo: imaxinade que no Porriño temos 500 cans (datos que poden achegarse á realidade) e os seus donos os levan defecar dúas veces por día utilizando dúas bolsas nas dúas deposicións... Estaríamos producindo 1000 bolsas de plástico máis todos os días, que multiplicadas por un ano serían 365.000. Un auténtico desperdicio altamente contaminante!

Canto ao noso rural, o noso campo e montes, moi degradados pola presenza de especies de árbores invasoras como o eucalipto, as nosas intencións son moi clariñas: non vemos con bos ollos que esta especie alóctona lle coma o terreo ao noso arboredo galego autóctono. O eucalipto estraga gravemente os nosos ecosistemas, substitúe os carballos, castiñeiros, etc. e empobrece a terra.

**Moitas grazas por atenderen a nosas propostas, telas en conta e agardamos que as leven a cabo para mudarmos o Porriño, o noso mundo, parte da nosa terra...**

*Fixeron de voceiras en representación do alumnado de 1º ESO do IES Ribeira do Louro: Susana Arós, Claudia Moreira e Antía Sousa.*



# Proxecto salvavidas

O proxecto Salvavidas, ten como obxectivo concienciar as persoas, sobre todo as novas xeracións, da importancia da doazón de órganos e tecidos. Para isto, tivemos a honra de recibir charlas, tanto de persoal médico como de persoas transplantadas. Tamén realizamos diversas actividades: con plástica cada alumno realizou un cartel para difundir e representar a mensaxe da doazón, para música fixemos tanto parodias, como rimas ou percusión corporal cun lema sobre a doazón. Todas estas actividades teñen a finalidade de facer un futuro mellor.

Laura Romero 3º ESO B



34














# Crónica fotográfica dun curso desenmascarado





## REPORTAXE: A EMIGRACIÓN


# Traballo de investigación sobre a emigración

O alumnado de 1º e 2º da ESO na materia de Lingua Galega fixo un traballo de investigación sobre a emigración no último trimestre. Consistía en buscar información sobre un parente que emigrou ou foi exiliado. Este proxecto estaba en diálogo co autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, Florencio Delgado Gurriarán, unha das voces máis importantes do exilio galego.

Algunhas das formas que tiñamos de buscar información era preguntándolle a algún familiar próximo da persoa que escollemos ou, mesmamente, preguntándolle á persoa da que estás elaborando o traballo. A información que necesitabas era: o ano no que emigrou, en que ano volveu; se non volveu, tamén debías poñelo; a que país emigrou e algunha experiencia que tivera nese país.

Cando xa tiñas esa información recollida, empezabas a elaborar o traballo nun documento do ordenador, poñendo a información que recolliches e unha foto, preferentemente, unha no país ao que emigrou. Unha vez feito, entregábase a través do ordenador.

Cando rematou o límite para entregar o traballo, foron



colocados polo instituto.

Foi un traballo que nos serviu para coñecermos a nosa familia e falar cos nosos parentes máis próximos. Non sempre lles dedicamos o tempo que merecen aos nosos seres queridos.

*Noelia Hermida Pérez, 1º ESO D*

38

## A memoria oral da emigración



O venres, 13 de maio, un grupo de rapaces e rapazas de 1º da ESO (Susana, Edgar, Xabier, Nicole e eu) fixemos unha visita ao **Centro de Día de Torneiros**.

Levabamos un tempo investigando sobre a vida de Florencio Delgado Gurriarán, autor homenaxeado nas Letras Galegas e coñecemos que tivera que exiliarse durante a guerra civil. Nas nosas investigacións tamén descubrimos a diferenza entre exilio e emigración.

A visita ao centro de maiores tiña o obxectivo de coñecer, de primeira man, as historias de exilio e emigración dos

nosos maiores e os motivos que os levaron a deixar o noso país. Alí descubrimos que moitos porriñeses e porriñesas e doutros lugares pasaron por esta situación, a maioría de eles estiveron en Europa e América. Estas conversas gravámolas en audio.

Todos e todas se amosaron moi colaboradores e contáronnos unha chea de anécdotas das súas viaxes, incluso algún se animou a falarnos en inglés, lingua que aprendeu durante a emigración.

Foi unha experiencia fermosa na que, ademais de coñecer parte da nosa historia, pasamos un tempo moi agradable. Deberaamos ter máis oportunidades de compartir tempos, xa que as cousas que se aprenden así nunca se esquecen.

*Iovana Patricia Toribio dos Santos 1º ESO D*





# A emigración galega


**E**migrar é, segundo a RAG “Deixar o propio país ou o lugar de orixe, para establecerse noutro, en particular por razóns de traballo”; mais para moitos outros significa “Deixar á familia, os amigos e a terra ata sabe quen cando, para poder, simplemente, seguir existindo”; mais para min significa “soño que teñen algúns, pero realidade que sofren outros”. As definicións están moi ben para entender certos conceptos concretos, como por exemplo o significado de “estoxo”, pero a variedade de conceptos é tan ampla e existen tantos e tan complexos para o noso entender, que as definicións non son capaces de expresar todo o sentimento que producen; este é o caso da palabra “emigrar”.

O éxodo masivo en España e Galicia empezou pola fame e rematou pola falta de oportunidades; podemos dividir este acto en 4 seccións para entendérmolo mellor: na primeira (1900-1936), 750.000 de galegos emigraron, principalmente pola falta de alimento; na segunda (1937-1945), foron miles de republicanos os que tiveron que fuxir para América tras o estalido da Guerra Civil; na terceira (1946-1962), máis de 1.000.000 de galegos emigraron cara a América para buscar unha vida que aquí se miraba imposible; e por último na cuarta sección (1963-1974), Galicia perde a unhas 400.000 persoas que foxen cara Europa, ou algúns cara outras comunidades autónomas. En total, máis de 2.250.000 galegos marcharon para poder seguir con vida; actualmente, en Galicia, somos uns 2.700.000 habitantes, é dicir, non hai nin medio millón de habitantes máis en toda Galicia que de xente que marchou no século pasado.

Seguramente todos nós, galegos, temos algún familiar que emigrou, ben sexa pola falta de comida, cartos ou esperanza de poder ter unha historia que contar. Este é o meu caso, os meus catro avós emigraron:

A miña avoa materna emigrou a finais dos 50, tendo 17 anos a Río de Janeiro (Brasil); marchou xunto co seu irmán e traballou servindo nunha casa e como manicurista.

O meu avó materno emigrou tamén a finais dos 50, tendo tamén 17 anos a Venezuela; marchou só aínda que



en Venezuela esperábao un veciño de aquí, e traballou nunha granxa avícola.

A miña avoa paterna emigrou no 80, tendo 27 anos, a Zurich (Suiza); marchou soa pero o seu marido estábaa a esperar alá, xa que fora antes para gañar un pouco de diñeiro e asentarse e logo poder levala, e traballou como limpadora en casas e grandes bancos.

Por suposto, as mulleres sempre traballaban como limpadoras, cociñeiras, aias..., mentres que os homes se dedicaban ás granxas, á pesca, á xardinaria... Isto non lles facilitaba as cousas aos emigrantes, xa que as mulleres debían dedicarse a “traballos para mulleres” e os homes a “traballos para homes” que moi poucos estaban acostumados a facer porque aquí, en Galicia, a maioría de persoas traballaba nas tarefas do campo.

Como vedes, tódalas historias son distintas e, o máis importante, reais; aínda que tamén son reais as historias da xente que quedou aquí: as historias de nais e pais que tiveron que ver marchar os seus fillos, e estar meses sen saber deles ou anos sen velos; de avós e avoas que quedaron aquí cos seus netos mentres os seus fillos estaban na outra punta do mundo gañando cartos, e tendo que explicarlles aos pequerrechos por que non coñecían a mamá e a papá; de mulleres viúvas que non sabían se o eran xa que non recibían cartas dos seus maridos e que, en ocasións, quedaban aquí coidando dos fillos mentres o seu marido xa arranxara outra muller; de parellas novas que eran separadas e tiñan que casar por poderes para ter un mínimo de dereitos, oportunidades ou respecto e de xente que xa nin marchou, se non que se exiliou ou o intentou, tras ser perseguida e mandada capturar e matar por Franco.

A emigración en Galicia foi, probablemente, a máis dura de toda España; centos ou incluso miles de localidades quedaron sen case xente. Dou as grazas por vivir nos tempos nos que vivo (aínda sufrindo os estragos dunha pandemia) por non ter que abandonar o fogar, por non ter que fuxir a buscar a vida, por non ter que comer o pan da semana pasada con balor se quero alimentarme, pero sobre todo, por non ter que separarme da xente á que quero.

*Paula González 2º E.S.O. B*

# Emigración e exilio

**E**n 1939 o escritor galeguista Florencio Delgado Gurriarán tivo que exiliarse en México para fuxir da ditadura franquista e evitar ser encarcerado ou fusilado polas súas ideas democráticas. Ese país e outros como Arxentina, Cuba ou o Reino Unido, convertéronse en lugares onde se puido refuxiar a nosa cultura e onde se publicaban libros en galego e revistas, ou se emitían programas de radio na nosa lingua.

No século XX máis dun millón de galegos tiveron que deixar Galicia, moitos deles, como lle pasou ao escritor

homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas, debido á persecución ideolóxica, pero tamén moitos outros por razóns económicas para fuxir da pobreza. No instituto quixémoslle facer unha pequena homenaxe a todos eles e o Departamento de Lingua Galega propúxolles aos estudantes de 1º e 2º ESO que preguntasen na casa se tiñan algún familiar máis ou menos directo que tivese que emigrar. E se a resposta era afirmativa, que cubrisen un pequeno cuestionario. Ofrecemos en Órbita algúns exemplos.

## CLARA ROMERO BESADA (BISAVOA DA ALUMNA ROCÍO RODRÍGUEZ BARROS)

- A que país marchou? Suíza E a que cidade? Lausanne
- En que ano aproximadamente? No ano 1964
- Canto tempo estivo alá? Ao redor de 15 anos
- Experiencia:

A miña bisavoa tivo que marchar xa que o seu noivo a deixara soa a ela e mais a súa filla (a miña avoa) e non tiña suficientes recursos económicos para se manter en elas dúas e, ademais, a súa nai. Por este motivo decidiu exiliarse e deixar atrás toda a súa vida, incluída a súa filla e a súa nai, para poder enviarlles cartas co obxectivo de que conseguisen saír adiante. No tempo no que estivo alá, fíxose amiga doutras tres mulleres e tratárona moi ben. Ela sempre estivo en contacto coa miña avoa mediante fotos nas que lle escribía un

texto pola parte de atrás para informarlle das novas e transmitirle tranquilidade.

Unha vez puido voltar a Galicia, seguiu coa súa vida ata que finou o día 1 de novembro de 2018, con 87 anos.



## MOISÉS ESTÉVEZ BESADA (BISAVÓ PATERNO DO ALUMNO LUIS MUÑIZ RAMILO)

- A que país marchou? U.S.A E a que cidade? Nova York
- En que ano aproximadamente? No ano 1931
- Canto tempo estivo alá? 4 anos
- Experiencia:

Tivo que marchar debido á precaria situación económica na que se vivía aquí. Alá traballou nunha fábrica de xeados, foille ben e sentiuse ben tratado.

Cando se atopaba en Nova York, deixou un dólar nunha conta bancaria para que cando fora un familiar tivese unha conta xa aberta.

Ao voltar, contoulle a súa esposa que existía unha cousa chamada refrigerador que funcionaba con electricidade e a súa muller, abraiada,

non o cría.

Tamén lle asegurou que alá as mulleres, cando remataban de traballar, cambiábanse e puñan pantalóns.





## DE HONDURAS A GALICIA

**O** meu nome é Génesis Lara. Nacín o 21 de abril do ano 2008 na cidade de Puerto Cortés, departamento de Cortés, en Honduras.

Dende que nacín vivín con miña nai, meus irmáns, miñas tías e avoa ata os 8 anos. Despois miña nai veu para España para mellorar as condicións de vida, miñas e de meus irmáns. Cando miña nai viaxou ata aquí, quedamos a cargo de miña tía e avoa, e tamén iamos onda as miñas outras tías, que tamén estaban pendentes de nós.

Despois de cinco anos, miña nai voltou ao país de sorpresa e díxonos que nos ía traer para España. Sentínme

un pouco leda porque ía estar con ela, mais tamén algo tristeira xa que deixaba a miña familia.

Cando cheguei aquí despois dunha viaxe esgotadora de 10 horas, sentínme un pouco estraña, pero como estaba con miña nai e meus irmáns, acouguei.

Actualmente xa me estou adaptando ao xeito de vida deste lugar. Cando entrei ao instituto, sentínme un pouco inqueda porque non coñecía a ninguén, mais todos foron moi amables e atopeime a gusto.

Agardo que me vaia ben e así poder superarme.

*Génesis R. Lara Osorio. 1º ESO A*

## ESPECIAIS

## CLUB DE CIENCIA


# Especial Club de Ciencia

### “A CIENCIA QUE NOS RODEA”

#### · **BIOPLÁSTICOS:**

**O**s nosos alumnos sintetizaron bioplásticos a partir de recursos propios da zona. A castaña foi o elemento elexido para utilizar como base fundamental dos polímeros.

*Bioplástico sintetizado*



Como paso previo a esta síntese deseñáronse uns moldes no taller de tecnoloxía, reutilizando embases plásticos que os alumnos tiñan na casa.

Fixemos plástico a partir de castañas. Preparando unha mestura homoxénea de castañas trituradas, auga, vinagre e glicerina. Despois deixamos repousar o líquido nos moldes ata que solidifique completamente. Desafortunadamente, moitos dos proxectos non saíron segundo o previsto.

*Noa Teixeira Álvarez 2º ESO*

### INTRODUCCIÓN Á COCIÑA MOLECULAR:

Fixemos unhas esferas comestibles de MasterChef ao estilo científico. Para iso utilizamos alxinato, calquera líquido, como a Coca-Cola ou o zume; e CaCl<sub>2</sub>. Depositamos esta mestura en auga e secámola con coidado, despois poñemos as esferas sobre papel. Unha vez feito todo isto poderíamos comer o noso experimento. É unha forma divertida e bonita de presentar unha bebida.

*Noa Teixeira Álvarez 2º ESO*



## REACCIÓNES QUÍMICAS

**R**eaccións sucesivas con cambio de cor: O permanganato de potasio (violeta) redúcese a manganato de potasio (azul), pasa despois a hipomanganato de potasio (verde) e finalmente a dióxido de manganeso (amarelo)

### Densidades

Obxectivo: Estudar a diferenza de densidades dun xetio visual e divertido. Separación por densidades duha mestura de mel, xabón lavalouzas, auga con colorante, aceite de xirasol, alcohol con colorante




### A beleza da ciencia.

Xabóns con herbas do Proxecto *Hortelás da Ribeira* (Biblioteca). Creamos xabóns cos perfumes das nosas propias herbas.

Recollemos plantas e flores aromáticas. Despois poñemos as plantas nos moldes. Preparamos a mestura de xabóns con auga, sosa e aceite cun batedor. Para rematar, enchemos os moldes previamente preparados e deixamos repousar ata que se elimine por completo o refresco e non sexa prexudicial.

*Denisa Andrea Cano Stefan 2º ESO*



### ACEITES ESENCIAIS

Levouse a cabo a extracción da canela empregando aceite de oliva virxe para con este aceite esencial de canela fabricar xabón de canela



## “A CIENCIA E A NATUREZA:”

**D**espois de moito traballo xa temos a nosa CHARCA con especies vexetais e animais autóctonas.

“Por que fixemos esta charca?”

A creación de novos espazos verdes onde as ras e píntegas poidan subsistir (reproducirse, criar e alimentarse) é vital para a súa supervivencia xa que cada vez máis estes lugares están desaparecendo, e tamén á súa vez os animais que viven nelas ou delas. Por este motivo dende o centro educativo do IES Ribeira do Louro creamos unha poza onde confiamos que logo comencen a chegar novos animais. Agora, nestes intreos, hai miles de protozoos e outros microorganismos reproducíndose, polo que xa temos un ámbito perfecto para o desenvolvemento destes seres.

Os animais que esperamos que cheguen son moi variados dende ras verdes e sapos comúns ata o magnífico sapiño parteiro, pero todos eles necesitan de auga para criar a súa estirpe.

A formación da poza foi moi complexa, primeiro



cavamos un burato e logo, para non perder a auga, tivémolo que cubrir dunha lona de feltro e dun neopreno impermeable, evitando así posibles fugas de auga.

Un dos días collemos auga da charca para ver os microorganismos que viven nela. No laboratorio, puxemos unha pouca auga nun portaobxectos, colocamos enriba o cubreobxectos e o analizámolo no microscopio. Atopamos microalgas, bacterias fotosintéticas, paramecios, Vorticellas, varios nematodos, larvas de insectos e unha hidra. Os de 2º de Bacharelato puideron ver unha *Daphnia* con crías.

*Luís Muñiz e Iovana Toribio (1º ESO)*

*(Lirio de auga)*



## ASÍ FOI A CONSTRUCCIÓN DA CHARCA PASO A PASO:



1. Eliximos o lugar da charca



2. Cavamos o buraco



3. Cubrimos coa lona impermeable e co feltro protector.



4. Puxemos pedras e terra nos bordes e enchemos con auga.



5. Puxemos plantas tanto dentro da auga coma nas beiras da poza.



6. Observamos a vida microscópica



7. E imaxinamos os futuros habitantes...





## “A VIDA NA CHARCA DO INSTITUTO”

No mes de maio o alumnado de 2º Bach do grupo de bioloxía analizamos as augas da charca no noso instituto. Nesta análise encontramos diferentes microorganismos e microinvertebrados, entre os cales estaba un crustáceo do xénero *Simocephalus* ou denominado comunmente *pulga de auga*.

Trátase dun crustáceo branquiópodo, e existe dende hai máis de 400.000 millóns de anos. Unha das curiosidades con respecto a este microinvertebrado é o seu método de reprodución xa que consta de dous ciclos: a partenoxénese e a reprodución sexual.

O primeiro ciclo consiste nun fenómeno de reprodución asexual que permite ás femias reproducirse sen necesidade dos machos. A partir de ovos sen fecundar, formados por mitose, nacen femias xeneticamente idénticas ás súas nais. O segundo ciclo corresponde á reprodución sexual. Este pode dar organismos de ambos sexos.

As vantaxes que ofrece a partenoxénese son: a supervivencia en ambientes de condicións extremas,

maior facilidade de reprodución xa que non precisan atopar parella e o gran número de descendentes que se producen. Por outro lado, como desvantaxes temos a ausencia de intercambio de información xenética e polo tanto a perda de variabilidade, que si chega a reprodución sexual.

*Candela Rodríguez, Laura Alonso Blanco, Laura Alonso González e Clara Alonso. (2º Bach)*



*Simocephalus* coas súas crías partenoxénicas recollido da poza.

## E TAMÉN AS NOSAS CAIXAS NIÑO, CONSTRUIDAS NO TALLER DE TECNOLOXÍA, PARA QUE OS PAXARIÑOS DO INSTITUTO TEÑAN ONDE ANIÑAR.

### “PARA QUE CONSTRUÍMOS CAIXAS NIÑO?”

Máis que nada producímolos para axudar os paxaros que o necesiten, xa que non teñen hoxe en día lugares suficientes para construíren os seus niños.

Fixémolas no taller de tecnoloxía, tivemos que utilizar unha serra, unha regra, un lapis, un sarxento, madeira,

unha trade un pouco distinta, e un aparello para lixar

Eu fíxena cos meus compañeiros Mateo, Luís e Raúl, e o profesor Arturo axudounos un pouco.

Colocámolas nas árbores do instituto. Hoxe en día xa hai paxaros nelas.

*Anxo Durán (1º ESO)*




## “EXPLORANDO O MUNDO”

### • A luz e os seus misterios:

Fomos quen de construír no taller de tecnoloxía un sensor de son utilizando un laser.

Arrincamos cabelos a alumnado e profesorado do centro e utilizando os láseres do laboratorio medimos o espesor.





## • ANÁLISE DA FÍSICA DO MUNDO: DESEÑO DUN PLANO INCLINADO


O alumnado do Club de Ciencias de 1º Bacharelato deseñou e montou un Plano inclinado para explicar diferentes cuestións de Dinámica: m.r.u.a., masas enlazadas, poleas.

Calibrado de manómetros de auga e de alcohol.

4º ESO. Preparación dun manómetro de alcohol



## • ANÁLISE DA QUÍMICA DO MUNDO:



**que xantamos?** Tras analizar a presenza de almidón en fiambres e salchichas mercadas no supermercado situado en fronte do instituto. O estudo contrastou a presenza desta substancia en produtos semellantes pero de prezos moi diferentes (Peito de pavo, salchichas...)

O almidón é unha substancia branca que se utiliza en diferentes produtos como o pavo ou o pan. Mestúrase co produto orixinal, xa que non altera o seu sabor, para producir a mesma cantidade de alimento máis barato. Para ver canto almidón había no alimento que

escollemos, comparamos un de maior calidade e outro de menor. Engadimos unha mestura chamada Lugol coa que comprobamos a cantidade de almidón dos produtos; os que se tornaban máis escuros contiñan máis almidón, mentres que os que se tornaban máis claros contiñan menos almidón.

Resultado: Os produtos de menor prezo no mercado tiñan unha preza máis alta de almidón

*Paula González Dominguez e Alba Graña 2º ESO*

## FABRICACIÓN DUNHA BEBIDA ISOTÓNICA.

Levou a cabo un test de degustación ou cata e comparación coas características de bebidas isotónicas comerciais. Para a fabricación da nosa bebida isotónica empregouse:

- 1L de auga mineral,
- 2 g de bicarbonato de sodio ( $\text{NaHCO}_3$ ),
- 2 g de sal marina iodada,
- 15 g de azucre,
- 200 mL de zume de limón/laranxa

Estudo da cantidade de vitamina C nos zumes de laranxas

No Laboratorio de Física e Química o alumnado do Club de Ciencias 2021-22 levou a cabo a determinación do ácido ascórbico ou vitamina C en zumes, aproveitando as campañas de repartición de froita que tiveron lugar este ano no Instituto.

A nosa conclusión é que se pode afirmar que un vaso de zume de laranxa (250 mL) achega o 100 % da vitamina C recomendada



## “HORTELÁS DA RIBEIRA”

O alumnado participou este curso do proxecto interdisciplinar “Hortelás da Ribeira”, un proxecto que nace da colaboración de varios departamentos do IES Ribeira do Louro que traballan no Club de ciencias e na Biblioteca e o ERASMUS + “ECOYOUTH” de países da lusofonía.

O noso compromiso xira nun dobre obxectivo que vai parello: recuperación de usos das plantas da horta me-

dicinal galega e recuperación do léxico que as nomea a elas e ás realidades que a través delas manifesta o pobo (ecolingüística). Asemade, queremos potenciar os usos ecolóxicos promocionando o minicultivo das plantas medicinais ou o pequeno horto ao igual que a creación dos nosos propios xabóns.

Este proxecto non acaba neste curso, pois o curso que vén queremos comezar a producir e poder abastecer de xabóns, plantas medicinais e quizais grelos a toda a nosa comunidade educativa e, sobre todo, educar para que todos poidamos facelo nas nosas casas.



### PLANTAS MEDICINAIS NO RIBEIRA DO LOURO

O pasado martes 3 de maio o voluntariado de biblioteca e algúns alumnos máis do club de ciencias, dedicamos a hora da comida a trasplantar as diferentes plantas medicinais (lavanda, pirixel, melisa, ruda, etc.). Puxémonas xunto á charca que fixeron anteriormente os mozos e mozas do club de ciencias. Foi unha hora entretida na que cada un fixo unha tarefa, uns estiveron a preparar a terra, outros as plantáronas e os demais dedicámonos a regar, e agora algunha vez nos recreos temos que ir regalas para que sigan crescendo.

Irea Villar e Noemí Álvarez (2º ESO)



## ESPECIAL BIBLIORIBEIRA

### CONCURSOS

#### Concurso de relato curto de terror e misterio do que foron gañador@s

Yovanna González de 4º da ESO

Mateo Pérez Monzón de 1º da ESO

Iria Gómez de Oliveira de 2º da ESO

Levaron de premio unha cesta con libros e produtos de Nadal.





### Concurso de lemas contra a violencia de xénero,

cuxa gañadora foi Sarai Dos Anjos de 1º da ESO co lema “Somos mulleres, non títeres”



### Concurso de poesía no mes de abril, cuxos gañadores/as foron:

Lorenzo Dias de 2º da ESO, Arón Lago de 1º da ESO e Denisa Cano Stefan de 2º de ESO, que gañaron cadansúa galiña de chocolate porque chegaba a Pascua e, como non!, cadanseu libro.



## RECREOS ACTIVOS

Este ano gozamos dos “Recreos activos” na Biblioteca. Cada recreo houbo actividades como: taller de papiroflexia, obradoiro de poesía, obradoiro de ciencias, taller de mandalas, faladoiros de inglés,... E mesmo tivemos música en directo grazas a Israel!

Estade atentas e atentos que para o vindeiro curso engadiremos máis actividades para os/as que decidades pasar os vosos momentos de lecer na Biblio.




Faladoiros en inglés





## FEIRA DO LIBRO

Nas datas próximas ao Nadal organizamos unha Feira do libro no recibidor do instituto que foi atendida polo alumnado voluntario da Biblioteca. Nela podíase cambiar un libro do expurgo feito neste curso por un quilo de alimento, que logo recollería Cáritas.



## PROGRAMACIÓN ESPECIAL MES DO LIBRO

## PROGRAMACIÓN ESPECIAL MES DAS LETRAS

48

*Abril, mes do libro*

**PROGRAMACIÓN ESPECIAL DA BIBLIOTECA**

**NA RADIO RIBEIRA**

- ✦ Lectura continuada na "Radio Ribeira", todos os martes e xoves do mes de abril, da novela *Golpes de luz* de Leticia Costas
- ✦ "Hoxe recomenda" cada martes e xoves irán profes á RADIO para recomendarvos o seu libro favorito.

**ENTREGA DO PREMIO DO CONCURSO DE POESÍA**

- ✦ Venres 8 no recreo (Espazo BIBLIO da entrada)

**VISITA DE AUTOR@S**

- ✦ Mércores 20 - Antonio García Teijeiro (alaranos de poesía)
- ✦ Mércores 27 - Antia Yáñez conversará co alumnado sobre a súa novela *O misterio de Portomarin*.

**ACTUACIÓN POÉTICO MUSICAL**


- ✦ Martes 26 co dúo "Versos entre cordóns"
  - ✓ Musicando poemas en castelán (7ª hora, 1º de BACH)
  - ✓ Musicando poemas en galego (8ª hora, 1º de BACH)
  - ✓ Concerto para o alumnado de nocturno e o Club de lectura de adultos.

**CLUB DE LECTURA**

- ✦ Martes 19 - xantar "compartindo lecturas" co Club de Lectura no Antonio Palacios
- ✦ Xoves 21 - **apadrinamento lector** co alumnado do Antonio Palacios
- ✦ Venres 22 - **apadrinamento lector** co alumnado do CPI Ribeira.

**RECREOS ACTIVOS**

Programación especial (con Talleres de poesía e Obradoiros de narración oral. (Consulta as actividades dos RECREOS ACTIVOS na Biblioteca)



*Maio, mes das letras*

**PROGRAMACIÓN ESPECIAL DA BIBLIOTECA**

**NA RADIO RIBEIRA**

- ✦ Lectura da obra de Florencio Delgado Gurriarán na "Radio Ribeira", todos os martes e xoves.
- ✦ "Hoxe recomenda" cada martes e xoves irán alumnas e alumnos á RADIO para recomendarvos o seu libro favorito.

**VISITA DE AUTOR@S**

- ✦ Carlos Labraña, xoves 26 de maio (1º ESO)
- ✦ Paula Carballeira, luns 6 de xuño (2º ESO)

**XUNTANZA LITERARIA NO PARQUE ALBA**

- ✦ Venres 20 de maio con todos os centros do Porriño.

**PRESENTACIÓN DO LIBRO**

- ✦ *A casa de feras* de Edgar Costas, obra gañadora do IV Premio Roberto Vidal Bolaño de Teatro (Casa Cultural do Porriño, luns 30 de maio ás 20:00 h.)

**EXPOSICIÓN NA BIBLIO**

- ✦ Proxecto "Hortelás da Ribeira"
- ✦ Obra de Florencio Delgado Gurriarán

**RECREOS ACTIVOS**

Programación especial con Talleres de poesía e Obradoiros de narración oral. (Consulta as actividades dos RECREOS ACTIVOS na Biblioteca)

 **BIBLIORIBEIRA** 



## ESPECIAL ENTROIDO

Este Entroido seguimos as ordes da Meca da biblioteca, que nos mandou traer cada día un disfrace cunha temática literaria, agás o último día que foi temática libre, onde te podías disfrazar do teu autor ou autora favorito ou dun personaxe literario.



Houbo premio para Emma Baliñas de 1º de ESO que veu caracterizada dunha “bruxa” de Roald Dahl a nivel individual e a nivel grupal para 2º ESO B, que xunto coa súa profe Patricia, disfrazáronse de Os vellos non deben de namorarse de Castelao.

Mais, tamén, houbo disfraces ocorrentes como o do profe Matías e os seus titorandos de 4º da ESO que escolleron o mundo literario da Biblia.

## Nacemento de Radio Ribeira

O 30 de marzo deste ano botou a andar a nosa emisora Radio Ribeira. Atrás quedaron semanas de incertezas na procura de medios materiais e humanos necesarios para arrancar. Precisabamos un espazo, un equipamento técnico, un equipo de alumnado disposto a implicarse neste proxecto e asesoramento, moito asesoramento. Parte do material aportárono as aulas de electrónica do instituto, o demais mercouse sin que supuxese un gasto excesivo para o centro. Topamos coa primeira pedra no camiño cando soubemos que nos fora denegada a subvención solicitada no PLAMBE. Axudou moito a colaboración do CEIP Altamira de Salceda de Caselas que nos cedeu os micros, xa de segunda man, pero en bo estado.

Teño que agradecer a boa disposición do alumnado ao que se lle propuxo formar parte deste proxecto. A maior parte dos contactados aceptaron sumarse a esta actividade, para moitos aínda descoñecida. Houbo alumnos que se ofreceron de “motu propio” e tamén foron aceptados. O equipo quedaría definitivamente conformado por 15 alumnos e alumnas. Comezamos cun curso de formación de dúas xornadas (dous martes pola tarde ao remate das clases) impartido por Damián Alonso, persoa acreditada como actor de dobraxe,



teatro e especialista en técnicas de dicción e rexistros de voz. Foi un cursiño, no que o alumnado tivo unha participación eminentemente activa, o que supuxo un aliciente de motivación importante.

A situación do equipo de amplificación e a instalación da rede de altosfalantes non permitía outro espazo para o noso estudo de radio que non fose o despacho de educación de adultos, ubicado no sector administrativo do instituto. Vaia por diante o noso agradecemento ao Xefe de Estudos de Ensinanzas de Adultos, Luis Álvarez, por acceder a compartir con nós este espazo.

Quedaba o máis determinante e complexo: a instalación da emisora. Ás veces a ilusión non chega para



aniversarios e concursos. Todo iso condimentado con música, xa fose seleccionada polos locutores ou atendendo as peticións e dedicatorias depositadas no buzón.

No transcurso dos seus programas Radio Ribeira fíxose eco das conmemoracións celebradas durante estes últimos meses: Día do libro, Día das Letras galegas, Día da Poesía, 25 de abril, Día do pobo xitano, Día da Diversidade de Xénero...; e polo noso estudio foron pasando

acometer un proxecto deste tipo e toca contactar con xente acreditada técnica e con anos de experiencia que o avalen. Non me cansarei de agradecer a Xaquín Méndez e a Francisco González, amigos e excompañeiros de traballo no Colexio Altamira cunha gran traxectoria en radios escolares. A súa axuda desinteresada e incondicional foi determinante, pois se ofreceron a contactar coas empresas de tecnoloxía para mercar o material complementario que se precisaba e confeccionaron o cableado e as conexións necesarias para a montaxe da emisora.

Tamén quería referirme aquí ao apoio total do Equipo Directivo que dende o primeiro momento creu neste proxecto e amosou toda a súa disponibilidad para poder acometelo.

O momento no que o alumnado comezou e manexarse coa emisora foi na sesión de docencia que impartiu Francisco González na mañá do 22 de marzo. Cando lle comentei ao alumnado que ían ter tres horas de asesoramento técnico en xornada de mañá, algúns deles pensaron que era un bo pretexto para saltarse unhas clases. Ao remate da sesión e despois de facer varias simulacións de programas e converterse en verdadeiros protagonistas, comezaron a entender a experiencia e os mecanismos que ían manexar e o compromiso e responsabilidade coa actividade que ían emprender. Precísabamos un nome, un logo, unha sintonía que nos identificase. Pola ubicación do centro, decidimos chamarlle Radio Ribeira, ía ser un nome provisional, pero ante a escaseza de ideas e o pouco convencemento que espertaban outros nomes, decidimos quedarnos co orixinal. O logo foi cousa de Nicolas Freiría e a sintonía, consensuada entre todos. Fixáronse dous días de emisión, martes e xoves coa idea de avanzar hacia un programa diario. No equipo do alumnado, uns elixiron desempeñar o rol de técnicos, e outros, a maioría, o de locución, algúns foron alternando as dúas funcións. Creouse unha clase de classroom e un grupo de washap como canles de comunicación entre os membros do equipo e do equipo co coordinador. Confeccionouse unha grella-tipo para elaborar os guións dos diferentes programas. Neles incluíronse unhas seccións prioritarias: Biblioribeira, Novas do Insti e unha Sección Temática a disposición dos locutores de cada día na que habería creación, divulgación de temas monográficos, información, entrevistas..., e outras seccións secundarias de entretemento e maior interacción cos oíntes: dedicatorias,

numerosos invitados: alumnado e profesorado ao que lle agradecemos moito a súa participación.

A radio foi tamén unha extensión da nosa biblioteca, emitíronse anuncios de actividades, recomendacións literarias e lecturas dos nosos autores e autoras; durante o mes de maio estiveron centradas na figura de Florencio Delgado. Foi precisamente dende a Biblioteca onde agromou a idea de crear unha radio escolar no Instituto, polo que esperamos que para o ano contemos co apoio de Bibliotecas Escolares xa que a radio é unha ferramenta ideal para divulgar contidos e actividades.

Cando remate o curso levaranse feito 22 programas, pero isto ten que ir medrando e quero pensar que nos vindeiros anos poderemos ampliar o equipo, realizar melloras técnicas e aumentar os días de emisión.

Logo deste curto pero intenso percorrido, houbo pequenos problemas con algunha emisión, desaxustes técnicos, algunha protesta veciñal, por "exceso" de decibelios, alteracións nos guións... pero as ilusións compartidas, as horas impartidas por este equipo e a constatación da evolución no seu traballo, compensan todos os atrancos.

Radio Ribeira pretendeu ser nestes últimos tres meses un medio máis de difusión cultural e informativa, un latexo permanente da vida do instituto, e outra ventana a que asomarse como colaborador ou como oínte no efímero tempo dos recreos.

*Victorino García Fernández*





### Valoracións do alumnado do Equipo de Radio:

“Unha experiencia xenial, gustoume moito, estou moi agradecida por participar”  
Susana (1º D)

“Estar na radio motivoume para intentar vivir delo”  
Israel (3º C)

“Unha experiencia maravillosa e estou moi agradecido de poder participar deste proxecto”  
Anxo (1º Bach. A)

“Unha experiencia única e inigualable que non poderei esquecer”  
Rocío (1º A)

“Radio Ribeira fíxome coñecer a xente maravillosa e vivir experiencias que non se poden describir”  
Luis (1º A)

“Radio Ribeira é unha forma de aprender coñecementos sobre a radio, que me fixo gañar experiencia e pasalo ben”  
Brian (1º Bach B)

“Radio Ribeira é un proxecto que nos axudou a traballar en equipo. Unha vez entras no estudo, todo é moi diferente. Sínteste increíble. É moito máis ca unha simple radio”  
Liam (3º B)

Ser locutora en Radio Ribeira foi unha gran aprendizaxe e unha maneira de pasalo ben cos compañeiros durante as emisións”  
Sofía (4º A)

“A miña experiencia como locutora de Radio Ribeira foi moi emocionante, ensináronnos moitas cousas e en cada emisión pasámolo mellor”  
Ainara (4º A)

“Ser locutor é unha experiencia memorable e máis facendoo con amigos”  
Tony (3º B)

“Estes meses na radio foron magníficos, unha forma de pasalo ben mentras aprendes a falar en público”  
Mateo (1º B)

“Para min Radio Ribeira foi unha experiencia emocionante divertida e, sen dúbida, inolvidable”  
Nico (2º A)

### ESTE CURSO VISITÁRONNOS

**SONIA MIRÓN** que nos falou da dos distintos tipos de amor a través dunha ollada das súas obras que teñen grande éxito entre o alumnado: Mi corazón en una caja de zapatos ou Si tú quieres.



**Antonio García Teijeiro** que nos nos falou da súa triloxía do mar.



**Antía Yáñez** coa que o alumnado de 1º da ESO mantivo unha animada charla sobre O misterio de Portomarín

**Carlos Labraña** que co grupo de teatro “**Os Fura-bolos**” representou a obra *O valo* e, posteriormente, charlou coa rapazada de 1º da ESO que leu as súas pezas *Contra o reloxo* e *Moito morro corporation*.



A semana do libro tivemos a actuación do Grupo poético musical “**Trobar-Dos**” que poñen música aos poemas da literatura galega e castelá dende o medievo até a actualidade



A última visita deste ano á nosa Biblioteca foi a da escritora e narradora oral **Paula Carballeira**, quen fixo un taller de oralidade coa rapazada de 2º da ESO e, por suposto, contounos algún conto. Este foi o derradeiro acto do ano no que quixemos facer fincapé na máxima das bibliotecas escolares neste curso “A biblioteca escolar ten a palabra”.

### **I XUNTANZA LITERARIA DO PORRIÑO**

Participamos con alumnado de portugués e de oratoria na I Xornada de Lecturas compartidas das Bibliotecas do Porriño no Parque Alba. Unha xornada de convivencia onde alumnos e alumnas leron e escoitaron relatos,

poemas e teatro. Á nosa rapazada tocoulle facer o apadrinamento co alumnado de 3 anos do Antonio Palacios e co alumnado de ACEESCA. Unha experiencia da que todos aprendemos moito e que haberá que repetir.



### **CLUBS DE LECTURA**

Este curso tivemos varios Clubs de lectura temáticos: novela, novela gráfica, manga, inglés, portugués e club de lectura de adultos.

O Club de lectura Manga e Novela gráfica tiveron a sorte de facer unha visita á EXPOTAKU na Coruña.

Club de lectura Manga e Novela Gráfica, a piques de saír para a EXPOTAKU








### **OUTRAS ACTIVIDADES:**

**Mes da literatura** de terror onde convidamos ao noso alumnado a caracterizarse e a coller os seus libros favoritos.



### **Serán Rosaliano:**

As alumnas voluntarias da biblioteca musicaron poemas de Rosalía e ofreceron un concerto para todo o Centro



**Bookselfies** no día da muller para dar a coñecer a escrita de mulleres.



Se queres saber máis de nós, pódenos seguir no instagram e estarás ao tanto de todas as actividades que facemos. Seguro que hai algunha que che interesa!!!







O ano rematou cunha saída d@s voluntar@s da Biblioteca, alumnado participante nos Clubs de Lectura, equipo da radio. Fíxose unha visita á Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón e á de Cristovo Colón na vila de Poio.

## 6. CONCURSOS E PREMIOS

### Concurso galego de Carteis 8M

O pasado 8 de marzo co motivo do concurso de carteis, convocado pola Xunta, do día da muller, a miña clase acompañoume a Santiago para a recollida de premios. O meu cartel resultou quedar no primeiro posto da categoría de 3º de ESO, 4º da ESO e 1º e 2º de bacharelato. Chegado o momento, estaba nerviosa xa que tiña que dar un discurso, que previamente preparei coa miña profesora de plástica, comentando o proceso de creación do meu cartel. Despois da entrega de premios, aos gañadores fixéronnos unhas preguntas para RTVE. Sentíame moi agradecida, coñecín a moita xente e todos xuntos reivindicamos os dereitos das mulleres, mediante os carteis e os discursos.

Laura Romero 3º ESO B



## Amnistía Internacional Vigo

Rede de escolas polo dereitos humanos

VIII Concurso de microrrelatos e haikus xuvenil “Saúde: aquí e agora”

Finalistas do premio do xurado do IES Ribeira do Louro

### Haikus 12 - 13 anos

Nome	Título	Centro
Fátima González Lago	Estou enferma	IES Ribeira do Louro

### Microrrelatos 14 - 16 anos

Nome	Título	Centro
Nicolás Guldrís Carballo	Inseguridade Social	IES Ribeira do Louro
Andrea Lorenzo Urgal	Unha nena coma min	IES Ribeira do Louro

### Microrrelatos 17 - 21 anos

Nome	Título	Centro
María Maceira Pereira	Escrito en mi último latido	IES Ribeira do Louro

\* O texto de Nicolás Guldrís tamén obtivo o premio do público nas redes sociais.

*Estou enferma  
Niguén pode axudarme  
Non teño cartos  
Fátima González Lago. 1º ESO*



## Inseguridade social

Hai cousa de cinco anos visitounos un curmán do meu pai. Viña dos Estados Unidos de América, case nada! marchara aos 19 anos. Fomos ata o aeroporto para recibilo, segundo o meu pai era un rapaz alto e fornido. Eu xa imaxinaba o típico vaqueiro con dúas pistolas, pero nada mais afastado da realidade. Esperamos á saída dos pasaxeiros ata que non quedou ninguén e de súpeto, alguén chamou polo nome a meu pai, Ao dar a volta, atopamos un home enxoiado e desdentado. Todos ficamos abraizados, mais disimulamos. Démoslle unha grande aperta e o home, emocionado, botouse a chorar coma un neno, “por fin na miña terra”.

Despois duns días na casa, unha tarde atopouse moi mal e fixemos chamar a unha ambulancia. Non tardou en aparecer e levouno decontado ao hospital. Alí déronnos a noticia de que tiña que ser intervido de urxencia. E así foi. Cando espertou confesou que fixera a viaxe só para iso. Eu non podía entender como aquel home cruzara desde Nova York tan maliño. Papá explicoume que alí unha operación tan complicada e os tratamentos posteriores son inalcanzables. Eu non sabía que noutros países non tiñan un sistema de seguridade social coma o noso, senón uns seguros privados que cobren moi poucas doenzas. Entón entendín dunha vez o que dicía meu avó, “tanto tes, tanto vales”. E sentínme aliviado de vivir neste país.

*Nicolás Guldrís Carballo 3º ESO B*

## Unha nena coma min

- Apuraa! - berrábame a miña nai dende o coche.

Tocábame, por desgraza, voltar ás revisións case diarias . Hai pouco, uns tres meses, que o meu cancro cesara e me dera unha tregua , mais na última revisión, había isodunha semana, detectaron que algo non ía ben.

Ao chegar, fiquei no banco preto do hospital. Nel había unha nena da miña idade, pouco menos, que polo seu aspecto non era de aquí. Tiña a pel morena e unhas

trenziñas que lle chegaban ao cu. Tiña un aspecto preocupante. Estaba fraquísima e dende lonxe parecía estar a tremer co frío. Normal, non tiña abrigo e estábamos



en pleno inverno. A nena xogaba cunha boneca á vez que semellaba que se ía conxelar.

Tiven a tentación de ir preguntarlle porque non entraba ao hospital, cando menos polo frío, mais deume cousa e fun á miña consulta.

Ao día seguinte a nena estaba alí xogando coa boneca. E ao seguinte. E ao seguinte. Así cando menos unhas tres semanas. Tremendo, cada vez máis fraca e cun

aspecto horrible. Nunca me atrevín a preguntarlle porque non ía ver o médico. Ata que un día, a nena xa non estaba, no banco, tremendo, coa súa boneca. Non estaba. Co paso dos días comecei a imaxinar o peor e a sentir unha tristeza enorme. Era estraño, non a coñecía, pero choraba ás noites por ela.

Ao cabo dunhas semanas había un nenito igual no banco. “Esta vez non”, dixeran.

*Andrea Lorenzo Urgal 3º ESO B*

## Escrito en mi último latido”

Siempre escuché que el mundo cambia, que todo progreso llega y evoluciona hasta convertirse en una oportunidad. Nunca pensé que podría estar equivocada. Era algo bueno para todos, eso creí.

Yo vivo en un pequeño pueblo en ninguna parte, o quizá así me sentí cuando vi a mi madre llorar al asumir que yo, simplemente, no tenía esa clase de suerte. Esa suerte que no debería ser suerte ni que tampoco debería ser unavaga esperanza, que lo único que tendría que haber sido y que lo único que tendría que ser es, precisamente eso, ser para todos y sin excepción.

Siendo solo una niña, asumí que nadie iba a llegar a salvarme en un caballo blanco, aunque me hubiese conformado con que llevara una bata blanca.

Tuve que irme para entender aquello que me negué a aceptar incluso cuando mi corazón se paró. Para entender que quizá no pudo llegar hasta mí, que quizá al final todo eso que me dijeron y también creí era mentira. O que quizá, en realidad, yo no era tan importante para disfrutar de esa suerte, de ese privilegio, que es poder tener una oportunidad de vivir.

*María Maceira Pereira 1º Bacharelato B*



## PREMIO DOBRE NA FACULTADE DE MATEMÁTICAS DA USC

O alumnado de 4º ESO de Matemáticas Académicas participou na XII edición do concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos de SGAPEIO. Dous grupos resultaron galardonados. Izan, Sergio, Leo e Diego recibiron unha mención especial. O grupo formado por Ainhoa Caride, Ainhoa Carballo, Laura Gómez e Kiara foro finalista e defenderon o seu traballo na aula magna da facultade de matemáticas da USC. Parabéns polo traballo realizado!



## ALMAS

Dende pequena xa non me gustaba durmir a carón dos meus pais, no berce. Sempre choraba, nunca sabían o porqué. Xa eran dous anos chorando e non sabían que facer polo que aos meus pais pensaron en levarme a unha meiga, mellor dito, a unha persoa que tiña a capacidade de ver o que tiñas dentro da túa cabeza e do teu corpo.

Dese momento non lembro nada, pero, si, tiña algo dentro de min. Isto calmouse pero aos oito anos volveu e leváronme outra vez.

Acórdome de que estaba nunha sala ao lado dun floreiro con follas vermellas e verdes, estábamos en Nadal. Entrei á consulta.

Senteime nunha cadeira fronte á señora, ela sacou unha cruz pequena e pediume a man, deilla e puxo a cruz en todos os meus cotelos intercambiándoos. Eu estaba moi nerviosa porque non sabía o que estaba facendo e non sabía tampouco que pensar. O que teño moi claro é o que dixó, as súas palabras, que foron as seguintes: “Esta nena está chea de espíritos”. Abrín os ollos exaxeradamente e quedei en choque, isto non podía estar pasando. A miña nai mais eu saímos asustadas, inda que ela xa o temía porque xa me pasara antes pero eu non sabía nada diso, era descoñecido e novo para min.

Ao chegar a miña casa xa era hora de durmir, non podía, tremía do susto ao saber que esas almas volvían se eu pechaba os ollos. Pasei a noite sen durmir.

Esas almas aparecían na escuridade, cando xa che falta pouco para pechar os ollos de todo. Preséntanse e desordenávanse a noite. Facíanme sentir atada, queríanme matar nos meus propios soños. É verdade que recordo caras: eran dous homes de cara pequena co cabelo negro e cunha muller que levaba posto un traxe, aparecían da nada. Acórdome dun soño no que estaba no meu baño, tranquilamente bañándome e de súpeto derrúbanse todas as paredes, cae o teito e quedo no medio dun burato negro. Apareceron e empezáronme a acurrallar. Sentín medo. Moito medo. Un cólleme a boca e tápame, pensei que me ían matar e corrín, corrín tanto que de súpeto aparecín nun prado cheo de rosas brancas que tiña un banco de cor marrón no medio. Tomei a dirección esquerda sen ter en conta, para onde ía, e caín nun acantilado.

Espertei chorando e chea de frío. Estaba moi asustada, tremendo e con ganas de saír correndo tamén da miña propia cama.

Isto repetíase unha noite tras outra, outra, outra, outra ata que ocorreu por última vez. Nun soño matáronme, conseguiron apuñalarme, sacarme as tripas e o estómago. Deixáronme tirada soa nun prado, nese prado cheo de rosas brancas pequenas cun banco no medio.

Por **Iasmine**

*Autora: Yovanna González (1º Bach.), gañadora do Concurso de Microrrelatos de terror e miseria organizado pola BiblioRibeira durante o 1º trimestre.*

## CONTRIBUTOS LITERARIOS

### Monólogo medieval

**N**on o podo crer! Estes campesiños e servos son uns desagradecidos! Aínda por riba que lles dou fogar, protección e lles empresto terras por unhas miserables rendas, van e revélanse. Malditos sexan estes irmandiños e este Roi Xordo... Ese antigo antigo fidalgo noso que estivo na miña propia casa... Como se atreven a atacarme a min e á miña familia, se somos unhas persoas nobilísimas e fieis á palabra do noso sagrado Deus, con doazóns practicamente semanais á Igrexa para reivindicar a nosa fe nela e así consagrar a nosa entrada no ceo cando deixemos o mundo dos vivos. De verdade, estes desagradecidos... merecen a morte! Aínda por riba son eu, Eu o que ten que fuxir

deles! Terían que ser eles os que fuxisen de min, que corresen e corresen ata que as pernas non lles puidesen máis! Xuro, xuro, que cando volva vanse arrepentir do seu nacemento! Van voar ferraduras e arder muiños! Os ríos tinguiranse de vermello co sangue dese traidor de Roi Xordo e os seus, xa verá como todas as súas tropas son derrotadas sen que el poida facer nada!

*Monólogo Medieval. “Reacción de Nuno Freire de Andrade logo do asalto á súa fortaleza polas tropas irmandiñas lideradas por Roi Xordo”*

*Autor: Antón Sío Lago 2ªB*



# Radio escolar. Sección : recomendacións literarias.

## *VIRTUDES E MISTERIOS, DE XESÚS FRAGA*

### Que libro nos recomendas, Delio?

Pois, antes de nada, bos días a todos e todas, e permitiéndome vos dea os meus parabéns, a vós e ao profesor Víctor, por esta flamante recién inaugurada radio escolar. O libro que hoxe me gustaría recomendar recibiu o ano pasado o Premio Nacional de Narrativa, polo Ministerio de Cultura (por certo, é a cuarta vez que unha obra en lingua galega recibe este prestixioso galardón, que premia a mellor obra en calquera das linguas do estado: éuscaro, catalán, castelán e galego). Titúlase Virtudes (e Misterios). Foi publicada pola Editorial Galaxia e o seu autor é Xesús Fraga.

### Trátase dunha novela autobiográfica, non si?

Efectivamente, é unha historia baseada en feitos reais na que o autor nos conta, a través de fotografías, cartas, diarios e a súa propia memoria, certos acontecementos da súa vida pasada, da vida da súa nai e da súa avoa. Ou sexa, estamos diante dun relato pertencente a tres xeracións sucesivas, marcadas por un acontecemento esencial, a súa emigración á cidade de Londres.

### É a emigración un dos grandes temas da literatura galega?

Claro que si, e é lóxico. Todos sabemos que Galicia foi, sobre todo dende o século XIX, como xa denunciaba Rosalía de Castro, terra de emigración. Por iso, se agora dixésemos que moitos dos que nos están escoitando teñen algún familiar máis ou menos directo, que saíron fóra de Galicia para traballar, probablemente acertaríamos. Un dato para que vexades de que estamos falando: nos primeiros sesenta anos do séc. XX emigraron principalmente a América, un millón de galegos (é dicir, un terzo da nosa poboación), e despois, sobre todo na década de 1960, marcharon outros trescentos mil, esta vez sobre todo a países europeos. Na novela fálanos desa emigración galega ao Reino Unido.

### Quen é Virtudes?

Virtudes é o nome da avoa do autor, a primeira muller da familia que se estableceu en Londres. Ela era orixinaria do concello de Betanzos nun momento no que a nosa terra ofrecía moi poucas posibilidades de prosperar, e ademais tiña tres fillas que debía criar en solitario, como unha viúva, non sabía se de morto ou de vivo, xa que o seu home marchara a Venezuela e levaba moito tempo sen novas del (por certo, o que lle pasou realmente a el forma parte deses “misterios” que aparecen no título da novela e que tamén se intentan desvelar).

A avoa representa esa xeración de emigrantes que tiñan un lema moi claro: traballa todo o que poidas,

aforra todo o que gañes, unha vida de sacrificio para mellorar as condicións de vida de toda a familia. E foi ela tamén a que lle conseguiu traballo alá á súa filla, a nai do autor, e a través desta fundamentalmente, podemos entender as enormes diferenzas daquela entre o Reino Unido e España.

### E cales eran esas diferenzas entre os dous países?

Pois o Reino Unido, na década de 1960 e 1970 (antes da chegada ao poder de Margaret Thatcher) era un país democrático socialmente avanzado, no que as empresas trataban en xeral ben aos seus traballadores, no que había un bo sistema sanitario público, uns servizos de protección social tamén para inmigrantes. É dicir, todo o que non había na España da ditadura franquista.

Por exemplo, nun momento da novela no que se comparan os sistemas educativos e modelos de aprendizaxe dun e doutro estado, o autor conta como a súa nai, que quería ser mestra, quedou absolutamente abraiada a primeira vez que asistiu a unhas clases en Londres e a profesora a animaba a ela e a todo o alumnado da clase a preguntar: “Para aprender é preciso preguntar”, dicíalle agora, cando ela estaba acostumada a escoitar na escola franquista aquilo de “Se preguntas, é que non estiveches atenta”, unha escola autoritaria na que non se contemplaba a posibilidade de que a aprendizaxe puidese ser fonte de pracer.

### Entón, neste caso a visión que ofrece o autor da novela sobre o que foi a emigración a Londres del e da súa familia é moi positiva.

En boa medida si, aínda que debes ler a novela para descubrir a enorme dureza que representou, e representa, o fenómeno migratorio. E hai momentos nos que o autor utiliza o concepto unamuniano de ex-futuro para imaxinar como sería el sen esa experiencia, que foi posible por un conxunto de casualidades pero tamén de decisións. Por iso mesmo, el fai referencia, e cito literalmente, “a esas variacións de nós que fican, indefensas e esquecidas, á beira dun dos camiños da vida cada vez que, ante unha encrucillada, escollemos o vieiro que nos levará noutra dirección”.

### Pois moitas grazas, Delio, pola recomendación. Quedámonos co título: Virtudes (e misterios), de Xesús Fraga.

# Día da paz

## DISCURSO PARA O DÍA DA PAZ

Para a Real Academia, a paz é unha situación ou estado no que non hai guerras ou loitas entre dúas ou máis partes enfrontadas. Pero como alcanzar esta paz se este mundo no que vivimos basea o seu funcionamento civilizatorio nas desigualdades, que son as principais causas dos conflitos? Mentres estas existan será imposible un mundo pacífico porque sempre haberá un oprimido e un opresor, e sempre haberá vítimas inxustas que non serán lembradas por ninguén.

Porque os países ricos miden o seu capital na proporción en que explotan zonas desfavorecidas, pois para ter un móbil nas nosas mans fai falta violar e explotar a milleiros de homes, mulleres e nenos menores ca nós nas minas de coltán no Congo, porque ter unha familia aquí supón escravizar a un dos proxenitores na casa por mor da falta de conciliación, e escravizar ao outro no traballo para facer rico a un empresario.

Estamos totalmente manipulados para nos facer crer que os culpables da inexistencia de paz son as persoas

que veñen de fóra, cando a única culpa que teñen é a de nacer nun lugar determinado que os converte en vítimas dun problema mundial que remataría onde acaba a hipocrísia dos países que se gaban por defender o diálogo mentres se lucran exportando material antidisturbios ou militar a países desfavorecidos en guerra.

Así que prégovos que non miremos esta conmemoración como o día no que

medio mundo solta pombas engaioladas e adestradas e nós perdemos clase por baixar ao patio e escoitar a catro brillantes rapaces recitando poemas, senón que fagamos un esforzo e reflexionemos sobre as causas que levan a esta situación que nos intentan ocultar, porque todos os actos teñen unas motivacións e unas consecuencias.

Moitas grazas

*Beatriz González González (1ºBACH-B)*

## NARRACIÓN

Ano 1939

Mamá está chorando na súa habitación e non sei o porqué.

Papá marchou cun bico para cada un, que no meu caso foi acompañado cun "coida aos teus irmáns e a mamá por min, Natalia".

Fóra escoito caos, non quero nin mirar a través das ventás por medo do que poden ver.

Xoán e María teñen cinco meses, están a berrar e non sei que facer.

Papá marchou hai un tempo, moito, e aínda non volveu.

Ano 1945 Mamá xa non chora, pero tampouco ri, nin se enfada, só está presente.

Xoán e María xa non berran tanto, só ás veces.

Veu un home co mesmo uniforme que tiña papá antes de marchar, para falar con mamá.

Cando saíu, mamá chamounos e deunos unha aperta. "Papá non volverá".

Iria Gómez de Oliveira (2ºESO-A)

## ESCOLMA DE POEMAS PARA O DÍA DA PAZ - 2022 (ALUMNADO DE 1ºESO C - A)

Sangue percorre a rúa,  
sangue non para de correr,  
sangue de xente inocente,  
de xente que non quere morrer.

Xa non hai felicidade e alegría,  
tan só tristura e terror,  
dos nenos apuntan ás cabeciñas,  
para que non volvan ver a luz do sol.

As flores murchan, o ceo azul desaparece,  
o chumbo converte a natureza en griseira.  
Xa nada é o que parece  
e a xente comeza a morder a poeira.

Amanda Rodríguez Santos (1ºESO-C)

Vexo a pomba polo ar.  
Ela foxe, moi asustada,  
oíndo as bombas estoupar,  
vendo no chan todos os mortos,  
sentindo as bágoas no lugar.  
Por que non pode haber paz?  
Por que non podemos descansar?

Álex Silva Maceira (1ºESO-C)

Vou escribir un libro  
no que a paz  
reine no mundo,  
no que a ledicia  
non sexa un simple desexo.  
O que máis ha de abundar  
son os sorrisos  
e terá un final feliz,  
pois a guerra nunca existiu.

Álex Silva Maceira (1ºESO-C)



Réquiem polo medio ambiente

A Terra  
morta está,  
non hai vida  
non hai xeo  
non hai piñeiros  
nin cogomelos.  
E agora?  
Perdemos a loita  
máis importante.  
Agora, toca chorar.

Luis Muñiz Ramilo (1ºESO A)

Camiñamos todos xuntos  
suxeitados pola man,  
o propósito que ansiamos  
por fin pode chegar.

Todos xuntos podemos  
acalar os que tanto berran  
dar voz aos indefensos  
agarimar os que algúns aterran.

Rocío Rodríguez Barros (1ºESO A)

## FIGURAS RETÓRICAS CREADAS POLO ALUMNADO DE 1º ESO-A E C

### Símiles: (A é coma B)

O instituto é coma un templo de sabedoría (Nerea Freiría)  
----- é coma un fármaco: non che gusta, pero faiche  
ben e precísalo (Antía Sousa)

----- é coma un cárcere con bos presos (Antía Casas)  
----- é coma un libro aberto que, se o les, che ensinará  
o máis importante da vida (Amanda Rodríguez)

Os plásticos son coma o veneno dos peixes (Rocío R. Barros)

----- son coma unha peste (Álex Silva)

Os tacos e expresións malsoantes son coma unha  
patada ao dicionario (Nerea Freiría)

----- son coma frechas cravadas  
nos nosos ouvidos (Hugo Villar)

As máscaras son coma bozais para os humanos (Claudia P. Durán)

----- son coma barreiras protectoras (Antía Sousa)

Ler é coma soñar cos ollos abertos (Fátima G. Lago)

Miña nai, meu pai, meu titor é coma un mapa, axúdanos  
a encontrar o camiño (Claudia P. Durán)

Miña nai, meu pai e meu titor son como as tres patas  
que faltan para o banco (Álex Silva)

Miña nai é coma un Google persoal: sabe todo o que  
preciso saber e máis (Antía Sousa)

Os vagalumes son coma chamuscas de fogo no ceo (Rocío R. Barros)

O vagalume é coma un anxo que me protexe dos demóns  
(Amanda Rodríguez)

As vacacións son coma vivir nun paraíso (Álex Silva)

Ter un móbil sendo pequeno é coma estar nunha gaiola  
rodeada de leóns (Antía Sousa)

### Metáforas: (A é B)

O mar é o infame vertedoiro dos humanos (Claudia P. Durán)

O bolígrafo é o sexto dedo da miña man (Claudia P. Durán)

----- é o paxaro que permite plasmar a imaxinación  
(Fátima G. Lago)

O bolígrafo: o verdadeiro autor das historias (Antía Casas)

As máscaras son o escudo que me protexe da morte  
(Amanda Rodríguez)

A tristura é unha noite escura (Anxo Durán)

A tristura: unha sensación de afogo que ninguén desexa  
(Antía Casas)

-----: a chuvia dos ollos (Samuel Pardo)

----- é unha flor que se murcha (Amanda Rodríguez)

A treboada é o berro de Deus (Rocío R. Barros)

----- é unha batalla no ceo (Fátima G. Lago)

O meu mellor amigo é unha porta que guía á felicidade  
(Claudia P. Durán)

O río Louro: millóns de pingueiras que non paran de  
viaxar (Amanda Rodríguez)

-----: corrente de auga sen fin (Álex Silva)

-----: unha serpe insaciable (Samuel Pardo)

O mar: volume de auga cheo de vida (Álex Silva)

-----: unha manta azul (Samuel Pardo)

O outono: a estación que deixa voar todo o que creou  
a primavera (Álex Silva)

A lingua galega é o andar en bici que non esquece  
(Brais R. Valoría)

A política é a diversión dos adultos (Luis Muñiz)

A vida é un agasallo que non sabemos apreciar (Amanda Rodríguez)

----- é unha montaña rusa aterradora (Iván Pereiro)

Montar a cabalo é sentir que voas co vento na cara  
(Álex Silva)

O armario: o fogar da roupa (Samuel Pardo)

(Por fin melloran as cousas=) Por fin florecen as rosas  
(Claudia P. Durán)

----- Por fin amansa a carraxe do  
volcán (Rocío R. Barros)

### Hipérboles:

Pasoume un camiión por enriba (Estou cansadísima=)  
(Nerea Freiría)


Teño máis tarefa que vida (=teño moitísimos deberes)  
(Amanda Rodríguez)

# TEATRO

## Xa podes ler un novo número dos nosos Cadernos de Teatro

**V**olve o teatro presencial ás nosas aulas. Durante a semana das letras galegas, o Grupo de Teatro do Equipo de Dinamización Lingüística realizou cinco

representacións da obra *Idiota*, de Jordi Casanovas, un thriller psicolóxico que colleitou un extraordinario éxito por parte da nosa comunidade educativa.



60

### PREMIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO

## PRESENTACIÓN Casa de feras, Edgar Costas

**E**dgar Costas, que se estrea con *Casa de feras* como dramaturgo para público xuvenil, xa é coñecido pola súa faceta de actor en series coma *Acacias 38*, *Hospital central* ou *“Por H o por B”* serie de HBO en 2020. A súa formación vai dende o teatro ao cine e a súa actividade móvese entre Vigo e Madrid.

E isto sucede con esta súa peza teatral xa que aínda estando escrita en galego o marco escénico sitúase en Madrid e aínda sendo teatro é evidente a formación do autor no eido audiovisual.

Edgar toma como escenario da súa peza as dependencias da Casa de Fieras, un zoolóxico madrileño que estivo aberto desde 1774 ata 1972 no Parque del Buen Retiro. Todos os personaxes, como el di son ficticios, porén a protagonista, Pizarro, foi unha elefanta que residiu nestas instalacións realmente na década dos sesenta do século XIX e que era obrigada a loitar contra touros.

Podemos observar nas anotacións escénicas o ambiente dun zoolóxico do século XIX coas súas reixas de aceiro



e o seu aire asfixiante, coma se unha cámara se fose achegando pouco a pouco ata meternos dentro a nós tamén das gaiolas.

Porque... Quen vive nunha gaiola, os animais do zoo ou os humanos?

Os animais do zoolóxico A Casa de feras, pensan





que son os humanos os que viven nunha enorme gaiola e non teñen outra cousa que facer que pasar o día coma paspáns a contemplalos.

A peza bota man da fábula para facernos reflexionar sobre o maltrato animal, mais, tamén, sobre a condición humana que, segundo un dos personaxes, “son quen de actos de increíble bondade, pero non debemos esquecer o pouco que significamos para eles”.

Os humanos son obxecto de análise dos animais que en palabras de Pizarro son “Seres fascinantes. A harmonía dentro dun zoolóxico depende exclusivamente do seguros que se sintan os cuidadores”.

Mais, animais e humanos actúan do mesmo xeito, porque ambos se deixan levar pola súa natureza, polo instinto



que os e nos posúe. Está nas mans dun carnívoro matar ou pode evitalo? É aí a grande cuestión, deixarnos dominar polos instintos primarios ou reprimilos. Semella que os animais teñen clara a resposta, así o manifesta o orangután Louie cando afirma: “Só os humanos matan sen razón” e Paco, o oso, que acadou a facultade de ler, cada vez máis humano di: “Son un asasino porque o fixen, non por ser un carnívoro”, cando recoñece ter matado por vinganza.



As escenas son duras, mais a obra conta cun humor cargado de ironía que nos axuda a dixerilas, porque como di Munin, corvo que representa os refuxiados: “é curioso como as palabras máis crueis languidecen tentando describir algunha cousas”.

A fábula, pois, unha fábula actual coa que nos identificamos é o cerne desta peza que nos fai reflexionar sobre as cadeas invisibles que nos reteñen e paralizan como ben lle di Paco, o oso, a Pizarro: “As cadeas que te aprisionan están na túa mente” ao vela dubidar sobre o maltrato á que a someten os humanos.

O Porriño, 30 de maio de 2022

Raquel Castro

## Monólogos para o Día Internacional da muller

Alumnas de 1º e 2º ESO asumiron o papel de once mulleres sobranceiras da historia e realizaron un total de 16 actuacións nas aulas no instituto. Ademais, unha

semana despois, desprazáronse ao IES Pedro Floriani para levar a cabo as súas representacións.



De esquerda á dereita: Juan Inés de la Cruz (Alba Graña), Hildegarda de Bingen (Nicole M. López), Exeria (Paula González).



Clara Campoamor (Claudia Durán), Alice Guy (Candela Comesaña), Marie Curie (Claudia Moreira), Nellie Bly (Lucía Iglesias).

Naomi Klein (Alba López), Dian Fossey (Antía Sousa), María Casares (Claudia Fernández) e Olimpia Valencia (Rocío Rodríguez)




# Lecturas para o verán

## LITERATURA XUVENIL



Esta é unha novela de reflexión sobre a transexualidade




Esta é unha colección d'A Nosa Terra sobre historia. É unha forma fácil de achegarvos a feitos cruciais do noso pasado que inflúe no noso presente.



Esta é unha obra de ambiente fantástico, con aventuras, sentimentos e crecemento persoal. É unha obradunha das nosas mellores autoras de LIX, recentemente premiada co Lazarillo, un premio ó que concorren autorías de tódalas linguas oficiais do estado. Polo tanto, calquera título de Leticia Costas é un acerto.



A guerra, desafortunadamente, é unha constante humana. Parece que somos incapaces de vivir en paz. Neste texto un rapaz emprende unha aventura persoal nun contexto bélico, pero no que aínda hai espazo para a dignidade e o amor.



Dos chicos se conocen. Se hacen amigos. Se enamoran. ¿Por qué nos empeñamos en hacer complicadas las emociones más sencillas?



Una historia en donde dos adolescentes crean su propio Boulevard ante la llovizna que hay en sus corazones.



Esta inquietante historia transcurre en un pequeño pueblo donde no se recibe bien a los recién llegados...



Este libro es la poesía de un día cualquiera en tu vida. Y un día cualquiera es siempre un día especial.



Este libro está lleno de amor, de reflexiones en voz alta y baja, escritos alternando capítulos cortos y largos que saben a poesía. Cruel y bonita a partes iguales.



## ADULTOS


### *Pazo de inverno*



### *Infamia*



### *A dúbida*




### *Os seres queridos*



### *Beleza vermella*



### *El corazón helado*



### *Panza de burro*



### *Siete hermanas*



### *Las formas del querer*



### *Violeta*



#### **PAZO DE INVERNO:**

Esta é unha novela que analiza, con emocións encontradas, o momento político actual. Olla dende un proxecto esperanzador e como este se frustra pola corrupción intrínseca do sistema; pero aínda hai espazo para o cambio?

#### **INFAMIA:**

A violencia, o perigo... Coñeces os que te rodean?

#### **A DÚBIDA:**

E as persoas que che son máis íntimas, coñécelas? A pederastia é unha práctica que existe. Por pura estatística, temos que coñecer algún puteiro ou pederasta. Mais, curiosamente, non somos capaces de dar ningún nome... ou si?

#### **OS SERES QUERIDOS:**

Premio Xerais de Novela 2021, un autorretrato incómodo sobre o que significa o amor maternal, unha historia que afonda nas arestas controvertidas da maternidade e confronta o relato edulcorado. Pero, por enriba de todo, a autora constrúe unha novela sobre os vínculos que nos atrapan e nos sosteñen, sobre se iso que somos é tamén o que queremos ser.

#### **BELEZA VERMELLA:**

En Santiago cométese un espantoso crime que, en realidade, semella unha obra de arte. A maneira en que aparece o cadáver semella un dos traballos de vangarda da súa tía...

#### **EL CORAZÓN HELADO:**

El día de su muerte, Julio Carrión, poderoso hombre de negocios cuya fortuna se remonta a los años del franquismo, deja a sus hijos una sustanciosa herencia pero también muchos puntos oscuros.

#### **PANZA DE BURRO:**

La isla de Tenerife es testigo de una realidad alejada y diferente de la de los turistas y hoteles. En el interior de la isla, dos amigas viven una particular relación.

El lenguaje refleja la oralidad del canario contemporáneo en esta narración naturalista y disruptiva.

#### **SIETE HERMANAS:**

A la muerte de su padre, seis hermanas irán en busca de su origen y lo que descubran les hará comprender que su amor estaba escrito en las estrellas...

#### **LAS FORMAS DEL QUERER:**

El querer tiene infinitas formas, como muestra Inés Martín en esta novela, que cuenta la vida de siete mujeres valientes y diferentes en todo, también en sus formas de querer.

#### **VIOLETA:**

Isabel Allende vuelve con una historia épica y emocionante historia de una mujer cuya vida abarca los momentos históricos más relevantes del siglo XX.

**ESTA É A NOSA  
OFERTA EDUCATIVA  
IES RIBEIRA DO LOURO**



IES RIBEIRA DO LOURO

ESO  
BACHARELATO HUMANÍSTICO E SOCIAL  
BACHARELATO CIENTÍFICO E TECNOLÓXICO  
BACHARELATO XERAL (EXCLUSIVA NO PORRIÑO)

**ADULTOS**

ENSINANZAS BÁSICAS INICIAIS  
EDUCACIÓN SECUNDARIA PERSOAS ADULTAS

**CICLOS FORMATIVOS**

FP BÁSICA: ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA  
E COMERCIO  
C.M. XESTIÓN ADMINISTRATIVA  
C.M. INSTALACIÓNS DE COMUNICACIÓNS  
C.M. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS  
C.M. COMERCIO INTERNACIONAL  
C.M. DE PEDRA NATURAL (INICIO 2022/23)

**VEN  
ESTUDAR  
CON  
NÓS!**





XUNTA  
DE GALICIA

IES RIBEIRA DO  
LOURO

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: TEATRO // CLUB DE LECTURA // OLIMPÍADA DE XEOLOXÍA // CLUB DE CIENCIAS // RADIO



Unión Europea  
Fondo Social Europeo



IES  
RIBEIRA  
DO  
LOURO



IES RIBEIRA DO LOURO



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

Revista Escolar Órbita | Número XVII | Xuño de 2022  
IES Ribeira do Louro, Torneiros - O Porriño  
Equipo de Dinamización Lingüística